

# FECUNDIDADE, TRAXECTORIAS REPRODUTIVAS E POLÍTICAS PÚBLICAS. DESEÑO DE INVESTIGACIÓN









# FECUNDIDADE, TRAXECTORIAS REPRODUTIVAS E POLÍTICAS PÚBLICAS. DESEÑO DE INVESTIGACIÓN

Miguel Caínzos  
Ana Touriño  
Carmen Voces  
Paula Rama

**Escola Galega de Administración Pública**

Santiago de Compostela, 2008

**Edita:**

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)  
Rúa de Madrid, 2 – 4, Polígono das Fontiñas  
15707 Santiago de Compostela

**Autoras e autor:**

Miguel Caínzos  
Ana Touriño  
Carmen Voces  
Paula Rama

**Revisión lingüística:**

Laura Rubio Rendo

**Deseño e maquetación:**

Krissola Deseño, S.L.

**Imprime:**

Grafisant, S.L.

**ISBN:**

978-84-453-4611-2

**Depósito legal:**

C 2301-2008

# ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>7</b>
<b>2. OS NIVEIS DE FECUNDIDADE EN GALICIA</b>	<b>11</b>
<b>3. MARCO TEÓRICO</b>	<b>19</b>
3.1. Achegas da literatura á explicación da fecundidade	19
3.2. Cara a unha síntese: un modelo de interpretación	29
<b>4. O DESEÑO</b>	<b>33</b>
4.1. O deseño cuantitativo (I): explotación de datos secundarios	34
4.2. O deseño cualitativo	35
4.2.1. Entrevistas en profundidade	35
4.2.2. Grupos de discusión	38
4.3. O deseño cuantitativo (II): enquisa-panel	41
<b>5. BIBLIOGRAFÍA</b>	<b>45</b>
<b>6. ANEXOS</b>	<b>49</b>
6.1. Guión dos grupos de discusión	49
6.2. Guión das entrevistas en profundidade	64





# 1. INTRODUCCIÓN

A finalidade deste documento de traballo é presentar o deseño metodolóxico da liña de investigación sobre *Fecundidade, Traxectorias Reprodutivas e Políticas Públicas* que puxo en funcionamento a Unidade de Investigación da Escola Galega de Administración Pública, e asemade explicar a necesidade, alcance e contido desta liña de traballo e establecer o marco xeral no cal adquiren completo sentido os documentos ou informes en que se presentarán os resultados desta. Trátase, por tanto, de darmos resposta ás preguntas clásicas que permiten caracterizaren un proxecto de investigación: que?, por que? e como?; ou, máis concretamente, cal é o obxecto de investigación?, por que é esta necesaria? e cal será o dispositivo metodolóxico a través do que abordarmos o obxecto?

O fenómeno que motiva e supón o punto de partida da investigación en materia de fecundidade, traxectorias reprodutivas e políticas públicas é o dos baixos niveis de fecundidade que se rexistran en Galicia. O obxectivo principal do estudo será o de describir e explicar este fenómeno, co fin de determinarmos se entre as súas causas está a existencia de barreiras ou restricións externas que impiden á poboación galega a realización dos seus proxectos persoais no ámbito reprodutivo e, no seu caso, subministrarmos evidencia empírica relevante que a Administración autonómica poida tomar como base para o deseño de políticas públicas dirixidas a atenuar o impacto destes factores restritivos. Isto significa considerarmos un obxecto de investigación complexo, cuxas ramificacións ou dimensións convén aclarar.

Dar resposta a este fenómeno require, en primeiro lugar, o estudo das variacións intertemporais e interterritoriais dos niveis de fecundidade desde un punto de vista agregado e comparativo, situando o caso de Galicia no marco español e europeo —isto é, a descrición precisa das macromagnitudes do fenómeno e das súas variacións no tempo e entre as rexións—. Este é o obxectivo da primeira fase do proxecto: a explotación de datos secundarios provenientes das fontes de datos habituais para a análise das dinámicas demográficas, coma censos e padróns, co fin de *establecermos o fenómeno* do que se trata de dar conta e avaliarmos a súa significación en termos comparativos. Esta primeira dimensión descritiva pode lograr un maior alcance na medida en que inclúa a identificación de pautas de covariación entre os niveis de fecundidade e diversas variables socioeconómicas consideradas no nivel macro.

No entanto, se queremos superar o nivel descritivo e tratamos de explicar os baixos niveis de fecundidade dun xeito que permita definirmos estratexias de intervención pública dirixidas a modificalos (ou mesmo, antes diso, se pretendemos contribuír a unha discusión informada da propia desexabilidade e dos fins concretos de tal intervención), cómpre pasar do plano macro aos procesos de acción social que dan como resultado as pautas demográficas agregadas. Para esta empresa temos de amosar no nivel micro cales son os patróns de acción subxacentes aos comportamentos reprodutivos das mulleres galegas e á evolución temporal dos indicadores que miden eses comportamentos. Trátase, en definitiva, de elaborarmos os *microfundamentos* das pautas demográficas previamente establecidas (e, se for o caso, das asociacións existentes entre elas e outro tipo de variables), desvelando cales son os «mecanismos xenerativos» de orde inferior que dan lugar á formación de tales pautas, algo que só é posible mediante a reconstrución da lóxica (ou lóxicas) da acción dos suxeitos implicados na súa produción e, en último termo, mediante a elucidación das razóns que estes teñen para actuar como o fan. Para iso, alén da nosa preocupación inmediata —as causas do descenso da fecundidade— cómpre atendermos un obxectivo máis amplo e ambicioso: obtermos unha comprensión xeral das decisións individuais que atinxen os comportamentos reprodutivos, tendo en conta todos os factores que inflúen nelas e que son susceptibles de experimentaren cambios ao longo do tempo, incluíndo tanto aqueles que definen o contexto material en que os individuos toman as súas decisións como os relativos ao marco normativo e valorativo en que definen os seus plans de acción. A investigación debe, xa que logo, contemplar neste plano dous pasos diferenciados, que comportan a resposta a dúas preguntas lóxicamente distintas: primeiro, cales son os factores que explican as decisións respecto da maternidade?; e, segundo, cales destes factores experimentaron mudanzas —e/ou teñen valores que difiren entre rexións— de maneira que poden contribuír a explicar as variacións nos niveis de fecundidade?

Acreditarmos a existencia desta diversidade de tarefas que cómpre realizar, leva implícita a adopción dunha secuencia de investigación complexa que integra: 1) o «establecemento do fenómeno» mediante a descrición polo miúdo das súas características, das súas pautas de variación e das correlacións con outras variables relevantes; 2) unha análise que supón a transición do nivel macro a niveis inferiores —en último termo, ao nivel micro— e que, a partir da identificación dos elementos constitutivos da situación en que se achan os actores obxecto de estudo e das súas propias disposicións subxectivas, ten como horizonte derradeiro a reconstrución tanto dos procesos de interpretación e definición que aqueles fan da súas circunstancias de acción, como das decisións que adoptan en función destas, da información de que dispón e das «boas razóns» que teñen para actuar de determinadas maneiras; e, finalmente, 3) unha nova transición desde o nivel micro ao nivel macro, por medio do estudo da distribución dos factores obxectivos e orientacións subxectivas asociados a diferentes pautas de acción e do seu impacto agregado.

No noso caso, esta secuencia tradúcese en que a explicación dos baixos niveis de fecundidade rexistrados en Galicia require acadarmos tres obxectivos interconectados, mais analiticamente diferenciables: 1) a descrición das variacións dos niveis de fecundidade entre rexións e entre distintos momentos temporais para o caso de Galicia; 2) a elucidación dos procesos ou mecanismos micro que permiten dar conta das decisións individuais asociadas ao feito de ter fillos; e 3) a explicación dos niveis agregados de fecundidade (e das súas variacións) a partir da distribución (e dos cambios experimentados por esta) dos factores que amosaron unha influencia relevante nas decisións de maternidade/paternidade.

**Figura 1. DEFINIÇÃO DO OBXECTO DE ESTUDO**

Fenómeno que se investiga: os baixos niveis de fecundidade en Galicia



PERSPECTIVA DE ANÁLISE	OBXECTO DE ESTUDO	METODOLOXÍA	
Macro descriptiva	Variacións da fecundidade no tempo e no espazo	Cuantitativa: explotación de datos secundarios	Fase 1
Micro explicativa-comprensiva	Procesos ( <i>microfundamentos</i> ) que inflúen nas decisións individuais sobre a maternidade/paternidade: identificación	Cualitativa: entrevistas en profundidade e grupos de discusión	Fase 2
	Procesos ( <i>microfundamentos</i> ) que inflúen nas decisións individuais sobre a maternidade/paternidade: alcance e posibilidade de facermos xeneralizacións	Cuantitativa: enquisa panel sobre traxectorias reprodutivas	Fase 3
Transición micro-macro explicativa	Factores que inflúen nas variacións dos niveis da fecundidade		Fase 4

Cada un destes obxectivos require a adopción dunha perspectiva de análise e dun dispositivo metodolóxico específicos (ver figura 1). O primeiro, tal e como anticipamos xa, ten un carácter marcadamente descriptivo e consiste na explotación estatística de información agregada procedente de fontes oficiais apropiadas para a análise demográfica (censos, padróns, estatísticas de movemento natural da poboación...) ou para o estudo doutras variables (Enquisa de Poboación Activa... ). A finalidade do segundo é a reconstrución dos nexos causais e de sentido que conectan un amplo conxunto de factores e restricións de toda orde coa decisión de ter ou non fillos —e caracterízase, por tanto, pola adopción dunha perspectiva comprensiva-explicativa—. Comporta, nun primeiro momento, o uso de técnicas de investigación de carácter cualitativo (entrevistas en profundidade e grupos de discusión) co fin de identificarmos os principais elementos que contribúen a configurar a conduta reprodutiva das mulleres galegas, amosar o proceso de interpretación a que tales elementos son sometidos por elas mesmas e explorar a súa complexa interacción nos procesos de decisión individual; nun segundo momento, implica a utilización de técnicas de carácter cuantitativo (enquisa a unha mostra representativa da poboación obxectivo) para establecermos a distribución dos elementos mencionados e determinarmos o seu impacto na poboación estudada. Finalmente, o terceiro obxectivo require tamén o emprego de técnicas cuantitativas capaces tanto de produciren información sobre as mudanzas que ao longo do tempo experimentan os factores da fecundidade previamente identificados, como de posibilitaren a realización de inferencias sobre como o proceso de agregación das accións individuais condicionadas por aqueles factores cambiantes dá como resultado a transformación nas pautas demográficas.

Este documento pretende ofrecer unha visión polo miúdo do deseño de investigación adoptado en cada unha das fases mencionadas. Como paso previo, o apartado seguinte fará unha descrición superficial do fenómeno que motiva inicialmente o estudo e o apartado 3 presentará unha breve revisión da literatura sobre os factores explicativos ou determinantes da fecundidade, co fin de elaborarmos unha listaxe o máis exhaustiva posible dos enfoques e variables que delimitaron os focos de atención do noso estudo.



## 2. OS NIVEIS DE FECUNDIDADE EN GALICIA

Cal é a situación da fecundidade en Galicia para que este fenómeno esperte o interese da Administración pública? Ou, mellor dito, cal é a situación do obxecto de estudo en que se centra esta liña de investigación? Respondermos por completo estas preguntas constitúe, como xa se explicou, o obxectivo da primeira fase da propia investigación e, por tanto, supón unha tarefa que excede a finalidade deste documento. Mais, para termos unha primeira noción da magnitude e relevancia do fenómeno estudado no noso traballo, o máis acaído sería adiantarmos a grandes trazos o que se conclúe da explotación das fontes habituais sobre dinámica demográfica (censos de poboación, padróns de habitantes e movemento natural da poboación).

A fecundidade é a frecuencia media de fillos tidos polas mulleres en idade reprodutiva, convencionalmente establecida entre os 15 e os 49 anos; aquí medirase a través do índice sintético de fecundidade (ISF)<sup>1</sup>. Falamos, por tanto, dun fenómeno circunscrito a un grupo de poboación determinado, mais con efectos, en termos de estrutura de idades e de crecemento e dinámica da poboación, que reborдан as súas fronteiras. O tipo de análise que se realiza por medio do ISF é de tipo transversal, isto é, o evento demográfico estúdase sobre un intervalo de tempo específico e non se estuda a fecundidade por xeracións, difícil de reconstruír xa que só se refire a mulleres co seu período reprodutivo potencial fechado.

1 O índice sintético de fecundidade equivale ao número de fillos nados vivos que, por termo medio, tería cada muller dunha cohorte hipotética de mulleres, cando se cumprir dúas condicións: que durante o seu período fértil tiver os seus fillos de acordo coas taxas de fecundidade por idade da poboación de estudo e que non estiver exposta a riscos de mortalidade durante o seu período fértil. O seu cálculo realizouse como a suma das taxas de fecundidade específicas por idade, agregadas en grupos quinquenais para unha idade ano a ano. As taxas específicas calculáronse como cociente dos nacementos correspondentes a nais dunha idade determinada, entre o efectivo total a metade de período de mulleres desa mesma idade. As taxas específicas presentaríanse aquí en base 100. Fonte: Elaboración propia con base nos censos de poboación e vivendas (INE, 1970, 1981, 1991 e 2001), nos padróns de habitantes (INE, 1996, 1998, 1999, 2000, 2002, 2003, 2004 e 2005) e no movemento natural da poboación (INE, 1970, 1981, 1991, 1996, 1998, 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005).

Se nos retrotraemos a 1970, o ISF galego situábase en 2,28 fillos por muller. Trinta e cinco anos despois, en 2005, estaba en 1,01 fillos (ver táboa 1). Trátase dunha caída do indicador do 55,7 % que non foi constante ao longo do tempo. O período en que se produce con máis forza a súa baixada localízase nas décadas de 1970 e de 1980. Nun primeiro momento, entre os anos censuais de 1970 a 1981 é cando o indicador cruza o denominado «nivel de substitución», situado en 2,1 fillos por muller. Este límite é unha convención demográfica que se refire a aquel nivel de fecundidade que corresponde a unha cohorte de mulleres (aquí de 15 a 49 anos) cunha media de fillos e fillas que lles permitise substituírse a si mesmas e ás súas parellas nunha poboación, en ausencia de migracións, e que faría posible unha evolución estacionaria e/ou estable desta. Pódese dicir que desde o momento en que se traspasa ese nivel, a estabilidade da pirámide demográfica galega pola vía do «crecemento natural» xa non é factible.

**Táboa 1. GALICIA. EVOLUCIÓN DO ÍNDICE SINTÉTICO DE FECUNDIDADE, 1970-2005**

Idade	1970	1981	1991	1996	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
<b>ISF</b>	<b>2,28</b>	<b>1,91</b>	<b>1,14</b>	<b>0,92</b>	<b>0,92</b>	<b>0,92</b>	<b>0,94</b>	<b>0,94</b>	<b>0,93</b>	<b>0,98</b>	<b>0,99</b>	<b>1,01</b>
15-19	2,29	3,69	1,37	0,77	0,67	0,69	0,64	0,66	0,60	0,66	0,61	0,62
20-24	12,44	11,76	5,58	3,02	2,50	2,39	2,32	2,21	2,08	2,18	2,13	2,13
25-29	14,01	11,18	7,84	6,07	5,57	5,43	5,34	5,15	4,94	5,03	4,96	4,90
30-34	8,99	6,81	5,39	5,85	6,43	6,56	6,85	6,76	6,92	7,29	7,38	7,61
35-39	5,63	3,55	2,06	2,30	2,64	2,88	3,17	3,40	3,46	3,77	3,98	4,20
40-44	2,08	1,11	0,46	0,35	0,48	0,44	0,53	0,53	0,57	0,65	0,67	0,72
45-49	0,19	0,09	0,04	0,02	0,02	0,02	0,02	0,03	0,02	0,03	0,04	0,04

**Fonte:** Elaboración propia con base nos censos de poboación, padróns de habitantes e movemento natural da poboación (Instituto Nacional de Estadística, 1970-2005)

Despois, no ano censal de 1991 o indicador, xa por baixo da substitución, sofre a súa caída máis forte, dun 40,5 % con referencia ao ano censal anterior. Este descenso da fecundidade continúa ata 1996, cando o indicador xa se sitúa en valores inferiores á unidade. Ata o 2002 permanecerá estable, máis ou menos nestes niveis, transmitindo a sensación de que xa non baixará deste límite mínimo, e finalmente, nos tres últimos anos recollidos (2003 a 2005) experimenta un pequeno crecemento, situándose no 2005 preto de un fillo por muller. Por idades, todos os grupos experimentan o proceso de caída da fecundidade desde 1970 deica hoxe. Cae máis nas mulleres máis novas, menores de trinta anos, porén afecta a todos os grupos de idade. En resumo, as variacións dos niveis de fecundidade galegos ao longo do tempo caracterízanse por un proceso importante de caída da fecundidade que só se detén na última década e que, en calquera caso, mantén a taxa de fecundidade moi por debaixo da substitución poboacional. Por último, cómpre sinalar que a lixeirísima recuperación que se produciu nos últimos anos protagonizárona sobre todo as mulleres de máis de 30 anos.

Respecto da media española, a fecundidade galega xa partía ao inicio da serie, de valores inferiores por termo medio. Disto podemos tirar como conclusión que na década de 1970 Galicia aínda non participaba completamente do proceso de incremento notable da natalidade coñecido como *baby boom* español (Leiceaga, 1996). Galicia xa se situaba en 1970 á cola das comunidades autónomas españolas canto á fecundidade (ver táboa 2). Entre 1981 e 1991, momento de maiores caídas na Comunidade galega, prodúcense descensos máis fortes noutras rexións españolas, mais a partir de entón Galicia torna á cola dos niveis de fecundidade en España. Case todas as comunidades autónomas españolas experimentan unha evolución similar, coas caídas máis fortes entre 1981 e 1991 e

cun freo no descenso, ou leve recuperación, desde mediados dos noventa. Todas as comunidades se situaban por encima do límite de substitución en 1970 e, pola contra, en 2004 ningunha o acada. En todo caso, Galicia sempre se acha por debaixo da media nacional en todos os anos da serie.

O mapa da fecundidade en España en 1970 é un mapa máis heteroxéneo canto á distribución e á concentración-dispersión dos niveis de fecundidade que o que atopamos en períodos máis recentes (ver o mapa 1 e o mapa 2). A pesar desta diferenza, en ambos os momentos cabe falar da configuración territorial de certas «áreas» da fecundidade, con contrastes máis fortes entre valores en 1970, aínda cando sexan máis apreciábeis visualmente en 2004. Deste xeito, estaríamos a falar de dous grandes eixes da fecundidade en España: o da España noroeste, con valores máis baixos no ISF; e o da España sudeste. As razóns desta distribución superan as pretensións deste repaso. Galicia, como xa se observou, sitúase en ambos os casos no grupo con baixos niveis, sempre á cola deles.

**Táboa 2. COMUNIDADES AUTÓNOMAS.  
EVOLUCIÓN DO ÍNDICE SINTÉTICO DE FECUNDIDADE, 1970-2004**

**Índice sintético de fecundidade. Comunidades autónomas**


	1970	1981	1991	1996	2001	2002	2003	2004
Total nacional	2,89	2,04	1,33	1,15	1,22	1,23	1,28	1,30
Andalucía	3,33	2,54	1,62	1,16	1,32	1,32	1,32	1,37
Aragón	2,20	1,89	1,16	1,07	1,17	1,15	1,21	1,24
Asturias	2,44	0,82	0,47	0,82	0,86	0,85	0,90	0,92
Baleares	3,33	2,04	1,56	1,05	1,30	1,31	1,31	1,31
Canarias	3,76	2,37	1,43	1,18	1,19	1,17	1,14	1,13
Cantabria	2,71	2,03	1,09	0,96	1,02	1,07	1,13	1,16
Castela-A Mancha	2,65	2,30	1,57	1,31	1,27	1,27	1,32	1,32
Castela e León	2,51	1,91	1,13	0,97	0,98	1,01	1,04	1,06
Cataluña	2,78	1,61	1,24	1,15	1,27	1,29	1,34	1,38
C. Valenciana	2,93	2,15	1,34	1,15	1,24	1,25	1,30	1,32
Estremadura	2,79	2,38	1,61	1,32	1,25	1,24	1,27	1,27
Galicia	2,28	1,91	1,14	0,92	0,94	0,93	0,98	0,99
A Rioxa	2,53	1,86	1,15	1,04	1,15	1,19	1,30	1,29
Madrid	3,02	1,95	1,24	1,13	1,25	1,26	1,31	1,32
Murcia	3,57	2,59	1,69	1,41	1,50	1,50	1,55	1,54
Navarra	2,76	1,88	1,22	1,17	1,27	1,28	1,35	1,36
País Vasco	2,94	1,73	0,98	0,94	1,04	1,07	1,15	1,17

**Fonte:** Elaboración propia con base nos censos de poboación, padróns de habitantes e movemento natural da poboación (Instituto Nacional de Estadística, 1970-2004). Índice sintético de fecundidade calculado mediante a suma das taxas de fecundidade por idade (agregadas en grupos quinquenais).

## Mapa 1. COMUNIDADES AUTÓNOMAS. ÍNDICE SINTÉTICO DE FECUNDIDADE, 1970



## Mapa 2. COMUNIDADES AUTÓNOMAS. ÍNDICE SINTÉTICO DE FECUNDIDADE, 2004



Pódese obter unha mellor valoración comparativa dos niveis de fecundidade galegos ao cotexallos coa que experimentan outras rexións de Europa (ver a táboa 3). En concreto, seleccionáronse as rexións de oito países europeos: Suecia, Países Baixos, Alemaña, Francia, Polonia, República Checa, Italia e Portugal. As rexións escollidas correspóndense co nivel de NUTS-II, o agregado estatístico elaborado por Eurostat para aquelas rexións homologables ás comunidades autónomas españolas. A táboa 3 permite comprobar que, se ampliamos o espectro comparativo, Galicia tamén se sitúa entre as rexións europeas cunha fecundidade máis baixa. Das 124 rexións seleccionadas ocupa o segundo posto na clasificación daquelas con menor fecundidade, inmediatamente despois de Asturias. É interesante apreciarmos a variabilidade interna que se produce no seo de cada país ao introducirmos a rexión como unidade de análise. Aínda así, en calquera caso, ningunha rexión nin país supera o límite de substitución. Pódese dicir entón que Galicia participa das mesmas pautas de fecundidade inferior á substitución que caracterizan as rexións europeas, emporiso esta pauta se manifesta comparativamente de forma moi acusada.



**Táboa 3. REXIÓNS EUROPEAS. COMPARACIÓN DO ÍNDICE SINTÉTICO DE FECUNDIDADE, 2004**

<b>País/Rexión</b>	<b>ISF</b>	<b>País/Rexión</b>	<b>ISF</b>	<b>País/Rexión</b>	<b>ISF</b>	<b>País/Rexión</b>	<b>ISF</b>
<b>Alemaña</b>	1,34	Alsace	1,75	Basilicata	1,22	Swietokrzyskie	1,24
Baden-Württemberg	1,35	Franche-Comté	1,88	Calabria	1,26	Podlaskie	1,24
Bayern	1,35	Pays de la Loire	1,97	Sicilia	1,42	Wielkopolskie	1,28
Berlin	1,19	Bretagne	1,91	Sardegna	1,03	Zachodniopomorskie	1,24
Brandenburg	1,26	Poitou-Charentes	1,79	<b>Países Baixos</b>	1,71	Lubuskie	1,27
Bremen	1,24	Aquitaine	1,79	Groningen	1,54	Dolnoslaskie	1,13
Hamburg	1,21	Midi-Pyrénées	1,70	Friesland	1,86	Opolskie	1,02
Hessen	1,34	Limousin	1,63	Drenthe	1,84	Kujawsko-Pomorskie	1,27
Mecklenburg-Vorpommern	1,33	Rhône-Alpes	1,88	Overijssel	1,88	Warminsko-Mazurskie	1,35
Niedersachsen	1,41	Auvergne	1,67	Flevoland	1,95	Pomorskie	1,35
Nordrhein-Westfalen	1,37	Languedoc-Roussillon	1,79	Gelderland	1,75	<b>Rep. Checa</b>	1,24
Rheinland-Pfalz	1,34	Provence-Alpes-Côte d'Azur	1,83	Utrecht	1,74	Praha	1,21
Saarland	1,23	Corse	1,55	Noord-Holland	1,65	Stredni Cechy	1,28
Sachsen	1,33	<b>Italia</b> <sup>2</sup>	1,33	Zeeland	1,83	Jihozapad	1,21
Sachsen-Anhalt	1,25	Piemonte	1,27	Noord-Brabant	1,68	Severozapad	1,32
Schleswing-Holstein	1,38	Valle d'Aosta	1,33	Limburg	1,56	Severovýchod	1,26
Thüringen	1,27	Liguria	1,19	<b>Portugal</b>	1,4	Jihovýchod	1,22
<b>EU-25</b>	1,46	Lombardia	1,35	Norte	1,31	Strední Morava	1,17
<b>EU-15</b>	1,49	Prov. Autónoma Bolzano-Bozen	1,55	Algarve	1,68	Moravskoslezsko	1,24
<b>España</b>	1,3	Prov. Autónoma Trento	1,54	Centro (PT)	1,3	<b>Suecia</b>	1,74
<b>Galicia</b>	0,99	Veneto	1,36	Lisboa	1,52	Stockholm	1,79
<b>Francia</b> <sup>1</sup>	1,81	Friuli-Venezia Giulia	1,22	Alentejo	1,41	Östra Mellansverige	1,71
Île de France	1,94	Emilia-Romagna	1,32	Rexión Autónoma das Azores	1,6	Sydsverige	1,69
Champagne-Ardenne	1,87	Toscana	1,27	Rexión Autónoma de Madeira	1,48	Norra Mellansverige	1,75
Picardie	2	Umbria	1,31	<b>Polonia</b>	1,24	Melleresta Norrland	1,85
Haute-Normandie	1,93	Marche	1,27	Lódzkie	1,2	Övre Norrland	1,68
Centre	1,86	Lazio	1,30	Mazowieckie	1,25	Smaland med öarna	1,8
Basse-Normandie	1,91	Abruzzo	1,19	Malopolskie	1,28		
Bourgogne	1,79	Molise	1,13	Slaskie	1,13		
Nord - Pas-de-Calais	2,01	Campania	1,47	Lubelskie	1,33		
Lorraine	1,77	Puglia	1,33	Podkarpackie	1,32		

**Fonte:** Eurostat. Elaboración propia. Índice sintético de fecundidade calculado mediante a suma das taxas de fecundidade por idade (agregadas en grupos quinquenais).

**Notas:** <sup>1</sup> Debido á inexistencia de datos para o ano 2004, os datos para as rexións francesas corresponden ao ano 2001.

<sup>2</sup> Datos provenientes do Istituto Nazionale di Statistica, (ISTAT).


En resumo, obsérvase que Galicia experimentou unha evolución dos niveis de fecundidade parella á das rexións españolas e unha situación de baixa fecundidade semellante á do resto de rexións europeas. Por outra banda, en Galicia os niveis de fecundidade son (e foron historicamente) baixos en comparación con outras rexións de España. A variación no tempo destes niveis na nosa comunidade desde 1970 pódese definir como unha situación de **caída da fecundidade**, por debaixo da substitución desde 1981, que só se frea a mediados dos noventa e que se mantén desde entón en valores inferiores á unidade ou moi próximos a ela.

Feito a grandes trazos este diagnóstico da situación, cabe preguntarse por que a fecundidade é un problema público e cales son as implicacións sociais e demográficas da súa caída que poderían requirir unha intervención pública sobre o fenómeno. Estas son de dous tipos. Por un lado, quizais particularmente importantes no caso galego, están as relacionadas co avellentamento demográfico da poboación, o seu impacto sobre a *ratio* de dependencia demográfica e as implicacións que estes fenómenos poderían ter na viabilidade do sistema público de pensións e do conxunto do estado de benestar. Galicia xa se acha hoxe nunha situación que podemos chamar de avellentamento demográfico. Por exemplo, este proceso obsérvase nas pirámides de poboación superpostas para 1970 e 2001, a primeira cunha forma expansiva e a segunda cunha morfoloxía recesiva e un aumento notable da poboación maior de 65 anos (ver o gráfico 1). Xunto co aumento da esperanza de vida, unha das orixes deste fenómeno atopámola na baixa fecundidade, baixa fecundidade que en Galicia xa foi historicamente temperá. Pódese engadir ademais que os prognósticos do Instituto Galego de Estatística tanto para 2017 como para 2051 e en todas as súas versións, máis ou menos optimistas, prevén un aumento da poboación maior de 65 anos<sup>2</sup>. Co avellentamento, aumenta a incidencia de enfermidades crónicas que diminúen a capacidade das persoas para valerse por si mesmas e, por tanto, incrementase o número de persoas dependentes —no sentido estrito de necesitadas de asistencia para realizaren as actividades propias da vida cotiá—. Alén diso, o avellentamento e a diminución de cohortes novas propia da caída da fecundidade, reduce o tamaño do grupo de poboación en idade de traballar e con esta mingua, tamén a demanda de emprego (agás que esta contracción se compense polo proceso de aumento da incorporación da muller ao mercado laboral, polo adiamento da idade efectiva de xubilación e/ou pola inmigración e retorno de novas xeracións de emigrantes). Ao aumento da presión sobre o sistema de saúde e de protección social favorecido polo avellentamento, únense os posibles problemas para que a forza de traballo sosteña os demais grupos<sup>3</sup>.

<sup>2</sup> Se o que coñecemos como peso da terceira idade (porcentaxe de persoas maiores de 65 anos) era en Galicia do 21,3 % en 2001, as prognoses do IGE din que en 2017 oscilará entre o 24,92 % na versión máis pesimista (baixa) e o 22,98 % na máis optimista (alta). Cun horizonte máis amplo, para o 2051 o IGE prevé que o peso deste grupo de poboación varíe entre o 41,56% do total na hipótese baixa e o 31,10 % na hipótese alta. Fonte: Proxeccións da Poboación de Galicia 2002-2017, 2002-2051. Instituto Galego de Estatística.

<sup>3</sup> É importante, non obstante, fuxirmos de predicións catastrofistas, afectadas por un ríxido determinismo demográfico, como as que a miúdo se poden achar nos estudos prospectivos sobre a viabilidade dos sistemas de pensións. Como sinalaron diversas investigacións, o impacto das transformacións demográficas sobre o mercado de traballo, a economía ou os sistemas de benestar depende de factores de moi diversa natureza: a participación laboral feminina, os procesos de inserción laboral da mocidade, a duración da vida laboral dos traballadores adultos, o crecemento da produtividade, as características das distintas cohortes no que se refire á súa composición en termos de nivel educativo e aos seus estilos de vida, e o propio deseño institucional dos sistemas de pensións e asistencia social (Garrido e Chuliá, 2005; Pérez Díaz, 2005; Carabaña, 2003). E, en todo caso, convén non perdermos de vista o aspecto intrinsecamente positivo (e historicamente único) do avellentamento demográfico como «democratización da supervivencia» (Pérez Díaz, 2003, 2004).

## Gráfico 1. GALICIA. PIRÁMIDES DE POBOACIÓN 1970 E 2001



Fonte: INE. Censos de Poboación de 1970 e 2001

Alén das consideracións demográficas de carácter macro e das súas posibles repercusións económicas e sociais, existen outras implicacións da baixa fecundidade polas que paga a pena estudala. Moitas das enquisas realizadas ao respecto quer no nivel nacional, quer no internacional (Enquisa de Fecundidade, World Fertility Survey) acreditan a existencia dun «déficit de natalidade» ou desaxuste entre o número de fillos que as mulleres declaran que desexarían ter e o número real ou efectivo de fillos que na realidade teñen. Pódese pensar que, na medida en que este «déficit» for debido á influencia de condicionantes externos (factores económicos, falta de servizos de coidado infantil, condicións de traballo...), a Administración, por medio de políticas dirixidas a facilitar a maternidade ou a paternidade, pode contribuír a mellorar o benestar persoal desas persoas que non poden realizar os seus proxectos reprodutivos. En particular, para aqueles que teñen fillos, as crianzas supón un importante custo material e de tempo (sobre todo para as mulleres) e determinadas accións da Administración poderían axudar a reducir eses custos. Por iso o fenómeno da baixa fecundidade galega revélase como un obxecto central de interese público que merece unha investigación exhaustiva que permita identificarmos cales son os factores que o producen e que contribúa a determinar en que medida a natureza de tales factores fai desexable e posible a intervención da Administración pública sobre eles<sup>4</sup>.

<sup>4</sup> Por suposto, a determinación da desexabilidade —e, no seu caso, a elección dos obxectivos dunha acción dos poderes públicos neste ámbito ou en calquera outro— é algo que está fóra do alcance dunha investigación científica, xa que require unha valoración estritamente política das posibles consecuencias desa acción e tamén da relevancia que se lle atribúe a este tema en comparación con outros que poden formar parte da axenda política. No entanto, o estudo positivo do fenómeno da baixa fecundidade e das súas causas pode facer que a toma de decisións sexa máis informada, proporcionando unha visión máis precisa das consecuencias que se poden derivar de diversas escollas.



## 3. MARCO TEÓRICO

### 3.1. Achegas da literatura á explicación da fecundidade

A análise das variacións da fecundidade en Galicia sinala a existencia dunha importante transformación das traxectorias e estratexias reprodutivas das familias, que son as que producen esas mesmas pautas agregadas da fecundidade. En boa lóxica, o intento de esclarecer as causas e determinantes da situación da fecundidade das mulleres galegas debe ter en conta a abondosa investigación xerada sobre o tema en moi diversos ámbitos xeográficos e require, por tanto, unha revisión da literatura existente, co fin de elaborarmos un inventario sistemático e ordenado dos factores e mecanismos que nela se salientaron como posibles explicacións das decisións reprodutivas e, particularmente, da caída da fecundidade. Sen ánimo de sermos exhaustivos, as principais contribucións pódense subsumir en cinco grandes grupos<sup>5</sup>.

A. En primeiro lugar, ocupan un lugar destacado os **enfoques económicos**, denominación baixo a que se poden incluír na realidade dúas grandes aproximacións de moi diferente natureza, coas súas posteriores derivacións: a Teoría clásica da transición demográfica (Thompson, 1930; Notestein, 1953) e a Teoría microeconómica da familia ou Teoría neoclásica da fecundidade (Becker, Leibeinstein, Schultz)<sup>6</sup>.

<sup>5</sup> Existe unha gran variedade de contribucións teóricas que explican os mecanismos subxacentes ás situacións de baixa ou moi baixa fecundidade e, asemade, existe un amplo abano de clasificacións destas achegas (Cabré, 2003; MacDonald, 2000; Hirschman, 1994; Oppenheim, 1997). Todas estas tipoloxías coinciden en diferenciar as teorías que parten dunha lóxica económica (fundamentalmente a Teoría clásica da transición demográfica e a Teoría microeconómica da familia) daquelas que introducen nas súas explicacións determinantes de corte máis sociolóxico como os estilos de vida ou os valores (a noción de fluxo interxeracional de riquezas de Caldwell, as teorías cun enfoque de xénero ou os teóricos da Segunda transición demográfica) e, por último, toda unha serie de achegas que procuran integrar estas dúas perspectivas como as clásicas de Easterlin (1966) ou as máis recentes de Bongaarts (1978, 1990, 2001, 2002). Non se valorarán aquí os erros e acertos destas contribucións nin os debates establecidos entre elas, tratarase principalmente de recoller as causas que esgrimen para explicar os cambios na fecundidade.

<sup>6</sup> Os modelos da Teoría microeconómica clásica e da Teoría da transición demográfica foron posteriormente revisados e modificados nos esquemas de Easterlin (1975, 1978, 1985; citado en Mason, 1997; Easterlin, 1966) e de Coale (1973; citado en Cleland e Wilson, 1987). Easterlin engade á explicación unha variable sociolóxica, a «oferta de fillos» ou o número de fillos que os pais criarían en ausencia dunha limitación deliberada da fecundidade (inclúe os determinantes socioeconómicos estándar da fecundidade durante a modernización) e afirma a existencia de ciclos autoxerativos na relación entre ingresos, tamaño das xeracións e fecundidade. De acordo co seu argumento, o tamaño da cohorte de homes novos adultos está inversamente relacionado co número de nacementos, debido a que constitúe un importante determinante das súas oportunidades no mercado laboral e, por tanto, das súas aspiracións de ter fillos (Mason, 1997; Hirschman, 1994). Coale, pola súa banda, identifica tres condicións para a transición da fecundidade: un escenario que permita a planificación da fecundidade como parte dun cálculo consciente; a dispoñibilidade de información efectiva acerca do control da fecundidade; e a existencia de claras vantaxes económicas derivadas dese control (Cleland e Wilson, 1987).

A primeira delas, máis que pola súa relevancia inmediata no contexto que nos ocupa, é importante aquí porque proporciona un punto de referencia con respecto ao que situar os demais enfoques, que agroman no marco de sociedades que superaron a transición da mortalidade e a fecundidade. A Teoría da transición demográfica é, por tanto, una teoría de alcance histórico que explica os descenso na mortalidade, primeiro, e na natalidade, despois, na maioría de poboacións de Europa desde o século XVIII. Un dos postulados principais desta teoría é que o descenso da fecundidade ocorrido se debe a cambios na vida social causados pola *modernización*. Enténdese fundamentalmente a modernización como un proceso de desenvolvemento económico e tecnolóxico —innovación técnica no sector agrario nun primeiro momento, industrialización nunha fase posterior— que leva canda el unha serie de consecuencias (mellora das condicións de vida e de saúde, desenvolvemento dunha educación moderna e xeneralización da alfabetización, urbanización...) que, por súa vez, conducen a reducións da mortalidade e a fecundidade, dando lugar a un novo réxime demográfico caracterizado por un equilibrio baseado nas baixas taxas de mortalidade e de natalidade (Mason, 1997).

A aproximación microeconómica, pola súa parte, xurdiu como froito de e como reacción a esta perspectiva macro da análise do cambio demográfico. Constitúe unha aplicación da Teoría da demanda do consumidor na que o fogar é unha unidade que produce en por si utilidade final empregando recursos internos e externos (Robinson, 1997; Fernández Leiceaga, 1999; Friedman e outros, 1994). Neste esquema, a fecundidade é o resultado dunha *decisión consciente*, dunha elección racional: a *demanda de fillos* das familias depende do fluxo de servizos (utilidades) que os pais poden esperar dos fillos e baséase, por tanto, nun cálculo dos custos e beneficios a eles asociados. Os custos están relacionados coa tecnoloxía de produción e mantemento dos fillos por parte das familias, que inclúen tanto o tempo empregado na súa crianza como os bens e servizos adquiridos no mercado. Estes custos poden ser custos directos ou recursos necesarios para criar aos fillos (comida, vestido, etc.) e/ou custos indirectos ou custos de oportunidade, derivados do tempo e traballo que requiren a súa crianza e coidado ou das perdas de ingresos por mor de investir ese tempo. Pola súa banda, os beneficios conceptualízanse na Teoría microeconómica en termos de valor, utilidade ou calidade dos fillos, nocións que fan referencia ao fluxo de servizos que aqueles producen e ao conxunto de atributos que os fai atractivos para os pais. Leibenstein distinguiu tres tipos de utilidades: o valor de consumo (servizos emotivos, psíquicos ou doutro tipo), o valor de investimento (achega de traballo por parte dos fillos á unidade familiar) e unha utilidade de seguro na velez para os pais. Os beneficios teñen unha dimensión psicolóxica, á que Coleman chamou «valores inmanentes», e a aplicación a eles do cálculo racional fai que os beneficios psicolóxicos varíen segundo a orde de nacemento do fillo. Para o primeiro fillo, os beneficios inclúen o *status* de ser pai/nai, «ser unha familia», perpetuar a estirpe, cumprir as expectativas doutros, realizarse ou proporcionar pracer. A decisión de ter un segundo fillo está máis relacionada con dar un irmán ao primeiro ou con ter un fillo doutro sexo. O terceiro fillo pode obedecer á idea de que tres fillos é «realmente» unha familia, ou porque se quer un fillo dun sexo que non se ten. O limiar de beneficios psicolóxicos netos descende a cada aumento na orde de nacemento e, probablemente, os custos psicolóxicos aumenten coa idade (McDonald, 2000, 2002).

Seguíndomos este esquema xeral de interpretación da conduta reprodutiva, a Teoría microeconómica da familia atribúe o descenso da fecundidade a un cambio de preferencias respecto da calidade dos fillos, que se tornan cada vez máis intensivos en tempo e *inputs* externos. Este modelo da demanda de fillos baseada no cálculo racional foi amplamente empregado polos economistas no estudo da fecundidade e foi aplicado a outras decisións dentro do fogar, tamén asociadas á fecundidade, como a distribución de papeis entre sexos (quen asume o traballo remunerado e quen o traballo reprodutivo non-remunerado). Ademais, esta perspectiva comporta a atribución dunha notable relevancia ao tempo, ben particularmente escaso e valioso, e conduce naturalmente a prestar unha especial

atención ao xeito en que as mulleres partillan o seu tempo entre o coidado dos fillos e o traballo fóra de casa.

Unha derivación do modelo microeconómico é a Teoría da aversión ao risco (Coleman, citado en McDonald, 2000; Hobcraft, 2002), que desenvolve as consecuencias do feito de que as expectativas acerca dos custos e beneficios dos fillos están, por definición, orientadas cara ao futuro e implican inevitablemente incerteza. Do anterior tírase que, na medida en que a xente percibe que o futuro económico, social, íntimo ou persoal é incerto, haberá unha tendencia á cautela, a evitar riscos á hora de tomar decisións sobre a maternidade/paternidade. Por tanto, a (percepción de) estabilidade ou inestabilidade naquelas esferas será un condicionante importante das decisións sobre a fecundidade e, en xeral, en contextos socioeconómicos caracterizados por un alto grao de inestabilidade e incerteza haberá en comparación, niveis baixos de fecundidade.

Un especial interese para os nosos propósitos ten a reformulación do enfoque microeconómico proposta por Leibenstein (1977, 1981), en particular no referente á súa concepción dos procesos de decisión. Segundo Leibenstein, as explicacións económicas da fecundidade padecen de unilateralidade, dado que acreditan que o principio de maximización dos beneficios é un criterio universal de decisión, algo que contrasta coa evidencia macro, amais, adoitan pasar por alto a necesidade de especificar cal é o obxecto desa maximización, precisión sen a que resulta imposible identificala como tal. Pola contra, Leibenstein entende que o proceso activo de toma de decisións é infrecuente no comportamento diario, cando existen «non-decisións», rutinas ou comportamentos inerciais que representan un tipo «pasivo» de toma de decisións. Só os eventos que os individuos perciben como importantes pon en marcha un proceso de decisión «activa». Deste xeito, o criterio da decisión xa non é o máximo, senón a selección da alternativa óptima entre aquelas que ofrece a propia experiencia. Alen diso, non só é importante o criterio da decisión, tamén, cales son os mecanismos e modelos de procesamento da información e os sucesivos pasos que adopta o proceso. Após considerar todo isto, conclúe que as taxas de fecundidade están determinadas en boa medida por decisións pasivas ou inerciais ou, máis especificamente, por eleccións asociadas a hábitos e convencións existentes.

A posta en práctica deste tipo de decisións asociada á rutina está determinada polos custos que supón as decisións activas (en termos de recollida de información, da súa xestión do estrés que supón decidir ou da dificultade de iniciar novas actividades, entre outras). Situación diferente é a de adiar unha oportunidade de decisión, xa que se trata dun comportamento consciente e activo. Nunha decisión baseada na rutina, o individuo recoñece un contexto e, unha vez recoñecido, aplica o hábito ou convención que asocia á aquel (nun acto esencialmente de repetición). Nestes casos o comportamento convencional é tan forte que domina os desexos e as preferencias privadas, o que supón introducir a dimensión normativa no comportamento individual. Algúns exemplos que sinala Leibenstein de desaxuste entre preferencias individuais e convencións en que estas últimas tenden a prevalecer son: a idade no momento do matrimonio, as pautas de actividade sexual en relación co matrimonio ou os beneficios e custos asociados aos fillos. Para o seu estudo, segundo o autor, a perspectiva idónea é a perspectiva micro, espazo onde resulta máis importante a intensidade que a representatividade.

B. O segundo gran grupo de aproximacións na explicación da fecundidade está formado polos que poderíamos chamar **enfoques de carácter sociolóxico e cultural**, que abranguen teorías de moi diversa índole, como a Teoría da segunda transición demográfica (Van de Kaa, 1987, 1994, 2001, 2002; Lesthaeghe, 1991), a Teoría do fluxo interxeracional de riquezas de Caldwell (1976, 1980, 1982, 1988, 2003), e a Teoría ideacional de Cleland e Wilson (1987).

Os teóricos da Segunda transición demográfica negan a existencia dun punto de equilibrio final entre fecundidade e mortalidade tras a Primeira transición demográfica. Pola contra, a fecundidade sitúase por debaixo da substitución e as poboacións dos países occidentais decrecen só compensadas levemente polas migracións. Por outra parte, esta teoría considera os cambios de valores influenciados esóxenas. Estes teóricos caracterizan a Segunda transición demográfica como un proceso de cambio social e demográfico durante o que ten lugar un descenso substancial da fecundidade do período (en parte como resultado do atraso dos nacementos); un descenso da taxa de matrimonios (asociado a un incremento na idade media no momento do primeiro matrimonio); un forte incremento do divorcio e a disolución das unións; un importante incremento da cohabitación e da proporción de nacementos fóra do matrimonio; e un cambio catalizador no comportamento contraceptivo coa chegada dos métodos anticonceptivos modernos (Van de Kaa, 2001). Do punto de vista destes procesos, estes teóricos observan dous elementos fundamentais que caracterizan as sociedades modernas da Segunda transición: o «efecto liberación» provocado pola contracepción efectiva e polo acceso ao aborto medicamente seguro; e, en segundo lugar, a existencia dunha mudanza dos valores de «conservadores» a «progresistas». Segundo Van de Kaa, este troco dos valores asóciase ao que Inglehart (1997) chama «posmodernidade», entendida como unha era ou como unha determinada visión do mundo. Neste segundo sentido, a nova orientación dos valores caracterízase por afoutar á autorrealización e ao individualismo, por valorizar a liberdade persoal, e por primar o benestar por riba das posesións materiais. Trátase de orientacións que obedecen a valores individualistas e que cuestionan a autoridade e valoran a tolerancia; todo o cal, entra en confronto cos valores tradicionais. Este cambio social afectaría enormemente a fecundidade no sentido anticipado por Ariés (1962), que quere dicir, no «fin da era do fillo-rei»: mentres a Primeira transición se caracterizara por un enorme investimento sentimental e financeiro nos fillos, na Segunda transición a motivación da maternidade/paternidade acharíase na autorrealización dos adultos e na elección dun estilo de vida fronte a outros, co que gañaría peso a relación entre adultos; todo iso comportaría un descenso da centralidade dos fillos e explicaría o descenso da fecundidade (Lesthaeghe, 1991).

Por súa vez, e moi sinteticamente, pódese dicir que a achega da Teoría de Caldwell sobre os fluxos interxeracionais de riquezas sostén que só existen dous réximes estables de fecundidade: nas sociedades tradicionais, cunha fecundidade estable e elevada, sempre hai un incentivo para os fillos adicionais; porén, nas sociedades modernas ten lugar unha *inversión no fluxo de riquezas* de pais a fillos (anteriormente o fluxo era de fillos a pais) e os pais fornecen de tempo, diñeiro, servizos e mantenza aos fillos, mais con mínimas expectativas de recibiren algunha devolución, por tanto existen poucos alicientes para ter fillos (Hirschman, 1994).

Pola súa banda, a Teoría ideacional de Cleland e Wilson atribúe especial importancia aos procesos de *difusión de información* (vía interacción social e influencia) e ás *normas acerca do control dos nacementos* (Cleland e Wilson, 1987).

Neste gran grupo de enfoques sociolóxico-culturalistas pódense incluír as achegas de Catherine Hakim (2003, 2005), que interpreta as escollas das mulleres entre o traballo no mercado e o traballo na familia como a expresión de preferencias por diferentes estilos de vida, que implican diferentes valores e metas. A principal contribución de Hakim tírase da súa insistencia na heteroxeneidade das mulleres no referente aos estilos de vida que prefiren e por tanto ao establecemento dunha tipoloxía que xebra entre mulleres centradas na familia, mulleres centradas no traballo e mulleres «adaptativas». A esta última categoría pertencen aquelas que se achan nun punto intermedio ou ambivalente entre os outros dous e que teñen como obxectivo combinar a vida laboral e a vida familiar sen atribuír primacía absoluta a unha ou a outra. Segundo Hakim, no contexto definido pola difusión do acceso a medios anticonceptivos eficaces, pola expansión das oportunidades educativas e laborais das mulle-



res e, de maneira máis xeral, polo incremento da capacidade destas para tomar decisións cruciais sobre a súa propia vida, os valores e obxectivos que guían a súa escolla adquiren un papel preeminente. Agora que, nun xiro particularmente polémico do seu argumento, Hakim engade que, mentres que os procesos de cambio social incrementaron notablemente os incentivos para o desenvolvemento do traballo remunerado, asemade se produciu unha acusada diminución das recompensas e do prestixio social —e mesmo, un estigma— da dedicación exclusiva á familia, o que provocou tres consecuencias: reforzar as orientacións das mulleres centradas no traballo cuxa probabilidade de ser nais é comparativamente baixa; inducir as mulleres «adaptativas» —particularmente susceptibles ás presións sociais e aos factores contextuais— a antepor o traballo á maternidade; e, finalmente, desincentivar as mulleres orientadas á familia. O resultado de todo aquilo tería sido un agudo descenso da fecundidade, ao que non sería en absoluto allea a inclinación dos poderes públicos a concentraren os seus esforzos exclusivamente en políticas de apoio ás «nais traballadoras» e a preteriren a adopción de medidas dirixidas ás mulleres que preferirían optar por unha dedicación exclusiva á familia, a pesar de que estas son o grupo cun maior potencial de fecundidade.

C. O recoñecemento da significación dos factores institucionais que está presente no argumento de Hakim adquire un carácter central —aínda que, case sempre, conduce a conclusións contrapostas ás desta autora— nun conxunto de teorías que, pola magnitude da súa achega á literatura sobre os determinantes da fecundidade, poden ser entendidas como constituíntes dun enfoque diferenciado: o **enfoque institucional**. En xeral, desde esta perspectiva considérase que a fecundidade, como todo comportamento social, só pode ser entendida a partir da estrutura de incentivos derivada dun contexto que comprende todo o conxunto de presións que afectan directamente cada muller tomada individualmente e todas aquelas que afectan as mulleres no seu conxunto e que cada unha, individualmente, pode sentir como propias (McNicoll, 1980). Este contexto vén definido, en gran medida, polo marco institucional vixente, en particular, polo sistema de benestar. De feito, unha das teses centrais deste enfoque é que as variacións nos niveis agregados de fecundidade son explicables fundamentalmente en termos da diversidade de réximes de benestar, debido a que as políticas familiares (e, de maneira máis xeral, as políticas sociais, laborais e fiscais) repercuten nos riscos, restricións e oportunidades das familias para ter fillos ao influiren na determinación dos custos que estes supón para aquelas. Concretamente, nos países que se caracterizan polo familiarismo (aqueles que segundo a coñecida tipoloxía de Esping-Andersen corresponden ao réxime de benestar continental e á súa variante sudeuropea) o Estado guía a súa intervención en políticas familiares de acordo co principio de subsidiaridade, en que a familia se consitúe como a principal fornecedora do benestar dos seus membros e xera un dobre efecto: dificultar a incorporación da muller ao mercado laboral e incrementar os riscos e custos da maternidade, desincentivando a decisión de ter fillos (Esping-Andersen, 2005).

D. Mención á parte merece o que se acabou por chamar o **enfoque dos determinantes próximos da fecundidade**, desenvolvido primeiro por Davis e Blake (Blake, 1968) e logo refinado por Bongaarts (1978, 1999, 2001 e 2002). Bongaarts teimaba na necesidade de ter en conta que o efecto dos factores socioeconómicos sobre a fecundidade non é directo, senón que está mediado por outras «variables intermedias» ou mecanismos específicos, a través dos que inciden estes factores e que, estes si, afectan de xeito directo a fecundidade. Bongaarts clasifícaos en tres tipos: os factores de exposición ao embarazo (formación da parella, que mide por medio da proporción de casadas), os factores do control deliberado (contracepción e aborto inducido) e os factores da fecundidade natural (infecundidade por lactación, frecuencia das relacións sexuais, esterilidade, mortalidade intrauterina espontánea e duración do período fértil) e subliña a necesidade de mostrar como as variables socioeconómicas ás que se atribúe relevancia causal xeran os seus efectos a través destes determinantes inmediatos (Bongaarts, 1978).

E. Finalmente, un último e cada vez máis nutrido conxunto de traballos se inscribe no que se coñece como **enfoque de xénero** (Mason, 1986; McDonald, 2000a e 2000b). Alén das xustificacións da pertinencia da adopción da perspectiva de xénero e dos intentos de clarificar o seu sentido (véxase, por exemplo, Mason, 1986), o que aquí nos interesa son as teses substantivas acerca do impacto das desigualdades de xénero sobre a fecundidade (McDonald, 2000a e 2000b)<sup>7</sup>. O argumento principal é que os niveis moi baixos de fecundidade nos países avanzados poden explicarse en termos de incoherencia entre os niveis de igualdade de xénero existentes nas institucións sociais de diverso tipo e, sobre todo, da diferenza entre institucións orientadas á familia (servizos familiares, sistema fiscal, seguridade social e a familia en si mesma) e institucións orientadas ao individuo (como o sistema educativo e o mercado de traballo). McDonald sostén que os países de moi baixa fecundidade se caracterizan por un alto grao de incongruencia entre niveis elevados de igualdade de xénero nas institucións orientadas ao individuo e niveis baixos de igualdade nas institucións orientadas á familia e na propia familia. A conclusión derradeira é que a chave para posibilitar o incremento da fecundidade está no establecemento dunha congruencia baseada na existencia de niveis elevados de igualdade en ambos os tipos de institucións, algo que á súa vez —sempre segundo McDonald— está ligado á superación do modelo de familia cun único fornecedor —e, en particular, do modelo de «home cabeza de familia».

<sup>7</sup> Véxase en Barnes (2001) un intento por integrar as explicacións de McDonald nun esquema teórico sobre a fecundidade que conecta a distribución do coidado dos fillos e as tarefas domésticas, a participación no mercado laboral, a conciliación entre traballo e familia, os horarios flexibles, o traballo a tempo parcial e as axudas para pagar o coidado.

**Figura 2. Achegas para a construción dun modelo teórico dos determinantes da fecundidade en Galicia**

	ENFOQUE	HIPÓTESE CENTRAL	FACTORES EXPLICATIVOS XERAIS	FACTORES EXPLICATIVOS ESPECÍFICOS
MACRO ↓ ↓	<b>ENFOQUES INSTITUCIONAIS</b>			
	(Esping-Andersen, Castles)	A diversidade dos contextos institucionais, sobre todo respecto dos sistemas de benestar, explica as variacións nos niveis agregados de fecundidade	- Rede formal e informal de apoio - Coñecemento das «políticas familiares» - Capacidade para acceder a servizos públicos e privados	
↓ ↓ ↓ ↓	<b>ENFOQUES SOCIOCULTURAIS</b>			
	• Teoría da segunda transición demográfica (Van de Kaa, Lesthaeghe, Cleland e Wilson)	O descenso da fecundidade produciuse como consecuencia dun proceso xeral de cambio social e de cambio de valores	- Sistemas de valores	- Individualismo-familismo - Materialismo-posmaterialismo - Conformismo-autonomía persoal
	• Teoría de Caldwell sobre o fluxo interxeracional de riquezas (Caldwell)	Produciuse unha inversión dos fluxos de riqueza intrafamiliares debido a novos valores que priman a satisfacción individual e o logro	- Modelo de familia	- Modelo de relacións intrafamiliares - Tamaño ideal de familia - Valoración da idea de fillo único - Compensación de xénero
	• Teoría da difusión (Retherford, Freedman)	As pautas da fecundidade transmitense nas poboacións homoxéneas culturalmente	- Modelo de matrimonio - Modelo social de mocidade	- Pautas de unión-disolución parellas - Actitudes cara á cohabitación, matrimonio, divorcio e separación - Expectativas acerca da idade e condicións de emancipación
	• Teoría da preferencia (Hakim)	Existe unha heteroxeneidade de preferencias na elección entre familia e traballo	- Aspiracións de consumo - Estilos de vida	- Nivel e pautas de gasto - Centralidade ou compromiso co traballo, a familia e a realización persoal
	<b>ENFOQUE DE XÉNERO</b>			
↑ ↑	(Mason, McDonald, Barnes, Gerson)	O grao de desigualdade ou asimetría no interior da familia inflúe sobre as decisións reprodutivas das mulleres  O grao de desigualdade entre homes e mulleres e o grao de coherencia entre os niveis de desigualdade de xénero en diferentes institucións sociais inflúen nos niveis de fecundidade	- Modelo de relacións de xénero  - Conciliación da vida laboral, familiar e persoal	- Repartición de tarefas e funcións na familia - Actitudes do empregador cara a conciliación - Usos do tempo - Percepción do tempo dispoñible

ENFOQUE	HIPÓTESE CENTRAL	FACTORES EXPLICATIVOS XERAIS	FACTORES EXPLICATIVOS ESPECÍFICOS
<p><b>ENFOQUE DOS DETERMINANTES PRÓXIMOS DA FECUNDIDADE</b></p> <p>(Davis e Blake, Bongaarts)</p>	<p>Existen unha serie de «variables intermedias» que median entre os factores socioeconómicos ou contextuais e a fecundidade</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Factores de exposición ao embarazo</li> <li>- Factores do control deliberado</li> <li>- Factores da fecundidade natural</li> </ul>	
<p><b>ENFOQUES ECONÓMICOS</b></p> <p>• Teoría microeconómica da familia (Becker, Leibeinstein, Schultz)</p>	<p>A fecundidade e a demanda de fillos forma parte dun cálculo racional, dunha decisión consciente e maximizadora, dos custos e beneficios</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recursos</li> <li>- Custos</li> <li>- Calidade dos fillos</li> <li>- Valor dos fillos</li> <li>- Aspiracións</li> <li>- Características socioeconómicas da muller</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ingresos familiares (nivel e procedencia)</li> <li>- Educación</li> <li>- Vivenda (existencia, características, hábitat)</li> <li>- Gastos</li> <li>- Custos directos dos fillos</li> <li>- Custos de oportunidade dos fillos</li> <li>- Rede formal e informal de apoio</li> <li>- Fillos como ben de consumo</li> <li>- Fillos como ben de investimento</li> <li>- Fillos como seguro na velez</li> <li>- Traxectoria educativa</li> <li>- Traxectoria laboral</li> <li>- Situación laboral</li> <li>- Mecanismos e modelos de procesamento da información</li> </ul>
<p>↑</p> <p>↑</p> <p><b>MICRO</b></p> <p>• Teoría da aversión ao risco (Coleman, Hobcraft)</p>	<p>A escolla racional refírese a custos e beneficios futuros, o cal introduce incerteza e, por tanto, cautela nas decisións</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de toma de decisións</li> <li>- Definición de zonas de inercia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Criterios para a toma de decisións (maximización, satisfacción, inercia)</li> <li>- Papel da parella</li> <li>- Comportamentos inerciais ou non-decisións</li> </ul>

**Fonte:** Elaboración propia con base na revisión da literatura.

En resumo, cómpre dicir que no repaso da literatura sobre os factores explicativos da fecundidade achamos determinantes ou causas de moi diversa índole, que operan en dous niveis interconectados pero analiticamente diferenciabes: o das limitacións obxectivas e restricións estruturais derivadas do funcionamento de diversas institucións (familias, mercados, administracións públicas) e o das deci-

sións voluntarias dentro da marxe de manobra dos individuos e, de ser o caso, das familias. Os elementos situados nestes dous planos, que poden empregarse no nivel conceptual para illar as causas, actúan na práctica de forma conxunta e por medio de cadeas causais complexas. Por iso entendemos que, alén dos debates sobre a utilidade de cada enfoque, a comprensión das condutas reprodutivas e a explicación do descenso da fecundidade requiren partirmos dun inventario sistemático daqueles elementos que os distintos enfoques contemplan de maneira illada, co fin de reconstruímos polo miúdo as súas formas de interacción e confluencia nos procesos de acción social subxacentes ás pautas demográficas. Desde este punto de vista, o sentido último da nosa moi esquemática revisión da literatura é facer un sumario exhaustivo e integrador dos potenciais determinantes e causas da fecundidade, que se resume na figura 2, e que recolle os principais enfoques, teorías ou aproximacións explicativas da fecundidade coas súas hipóteses xerais e todos aqueles factores merecentes de ser tidos en conta na nosa investigación.

Ademais dos factores enumerados na figura 2, é preciso considerarmos dous conceptos que non definen enfoques con entidade diferenciada, mais que son transversais a todos eles e están presentes nunha gran parte dos estudos sobre os determinantes da fecundidade. Son o concepto de *traxectoria vital* e ciclo de vida e a asociación entre preferencias e condutas en relación coa maternidade/paternidade.

Verbo do concepto de *traxectoria vital*, *itinerario vital* ou, do máis clásico de *ciclo de vida* (Arthur e McNicoll, 1978; McNicoll, 1980; Arthur, Ermoliev e Kaniovski, citados en Van de Kaa, 1997), a literatura que o recolle teima no feito de que as decisións actuais das mulleres ao redor da maternidade dependen en gran medida das súas *traxectorias* (familiares, educativas, laborais...) previas. Na marxe de subliñar a circunstancia de que estas *traxectorias* inflúen decisivamente nos recursos dispoñibles arestora (e, de maneira xeral, no conxunto dos factores que se salientaron como relevantes), a atribución de importancia ás *traxectorias* está ligada á adopción dun modelo de racionalidade limitada, que entende as decisións non en termos de maximización, senón en termos dun proceso de selección dunha alternativa suficientemente satisfactoria dentro dun abano de opcións definidas a partir dos coñecementos e experiencias que cada persoa adquire ao longo da súa vida (McNicoll, 1980). Na súa forma extrema, esta concepción pode converxer coa idea, xa glosada anteriormente, de que existe unha «área de inercia» en que as accións dos suxeitos —no noso caso, das mulleres— derivan dun proceso de «decisión pasiva» —que moitos considerarían «non-decisións»— resultantes da aplicación de pautas rutineiras de actuación que unicamente son revisadas —ou substituídas por «decisións activas»— se as circunstancias que rodearen ao individuo experimentan alteracións suficientemente profundas como para exixiren unha adaptación que implique a obtención, procesamento e avaliación de nova información e a ponderación das vantaxes e desvantaxes de mantermos ou variarmos a pauta previa de comportamento (Leibenstein, 1981). Unha vez máis, semella lóxico esperarmos que as «áreas de inercias» se constitúan a partir da experiencia vital e varíen, por tanto, en función das *traxectorias* biográficas das mulleres, que farán que a maternidade sexa ou non o tipo de comportamento que se adopte «por defecto» baixo determinadas circunstancias.

Por outra banda, desde unha perspectiva lixeiramente diferente, a relevancia das nocións de «*traxectoria vital*» e «*itinerario vital*» para a análise dos determinantes da maternidade quizais proveña do recoñecemento de que as mulleres constrúen as súas propias biografías ao longo dunha serie de pasos ou momentos chave socialmente marcados, a infancia, a adolescencia, o proceso de emancipación e de entrada na vida adulta, etc., que levan asociados determinados modelos de rol. Quere dicir, o decurso das etapas do ciclo vital comporta a sucesión no tempo dunha diversidade de papeis, coas súas correspondentes expectativas normativas de comportamento, que os suxeitos van asimilando, aplicando e mudando por outros, de tal maneira que, cando menos en certos casos, a decisión da materni-

dade podería ser interpretada como o axuste das mulleres a unha norma social que define a conduta apropiada para unha determinada fase vital. Por suposto, cal for o modelo de comportamento establecido para cada etapa é algo que variará entre os distintos contextos sociais e culturais<sup>8</sup>.

Un último aspecto ao que cómpre facermos mención expresa é o abordado na literatura especializada centrada na complexa tarefa de definir, medir e delimitar os distintos compoñentes das preferencias individuais no ámbito reprodutivo (desexos, intencións, ideais) e a súa conexión coa conduta reprodutiva efectiva. Existe un amplo consenso sobre a existencia dun desaxuste entre preferencias ou actitudes e condutas asociadas á maternidade. Porén, cando se trata de medirmos as preferencias os estudosos non se pon de acordo<sup>9</sup>.

O interese polo tema mudou substancialmente ao longo do tempo. Inicialmente, e aínda agora no caso dos países en desenvolvemento, o fenómeno que conviña explicar era o do desaxuste á alza entre desexos e comportamentos (por que se teñen máis fillos dos desexados). É daquela cando se desenvolve a idea de *wanted fertility* para estimar o número desexado de nacementos e da demanda de fillos (Bongaarts, 1990, 2001, 2003; Lightbourne, 1985). Neste caso a especificación dos factores dese desaxuste era relativamente sinxela: embarazos non buscados, substitución de fillos falecidos ou preferencias por un determinado sexo (Bongaarts, 2001; Livi Bacci, 2001).

Nunha situación de baixa fecundidade como a que aquí nos ocupa, o problema é máis complexo, pois cómpre diferenciarmos entre os desexos (o que en principio lle gustaría á xente, de se abstraer das restricións impostas polo seu contexto e da propia complexidade dos seus sistemas de preferencias) e as intencións (o que pretende a xente de acordo con todos os condicionantes e consecuencias da maternidade/paternidade, incluídos os seus custos no referente á posibilidade de realización de preferencias noutros ámbitos vitais). Por súa vez, estes problemas de medición e discriminación entre distintos aspectos das preferencias dificultan a identificación dos factores susceptibles de afectaren cada un deles e a súa relación coa conduta. Nesta orde de cousas, resulta interesante atendermos a algunhas precisións conceptuais que se fan na literatura máis recente. Goldstein, Lutz e Testa (2003) definen o *tamaño de familia* esperado como a suma do número de fillos que xa se teñen, máis o número daqueles que se planea teren; e considérano o mellor xeito de predicir a conduta e a demanda efectiva de fillos. O número intencionado de *fillos (intencións)* é semellante ao anterior, mais non inclúe os fillos non-buscados ou non-calculados. O *número desexado de fillos* é un indicador máis abstracto, referido á norma persoal segundo o tamaño da propia familia. Por outra parte, tamén se diferencia adoito entre *ideais socialmente compartidos* (derivados do sistema normativo dominante) e *ideais individuais*, (cal é o número de fillos que os suxeitos de referencia consideran ideal) (Testa e Grilli, 2006)<sup>10</sup>.

<sup>8</sup> Visións diferentes da conexión entre maternidade e modelos de traxectoria vital pódense achar en Medina e Gil Calvo (1993), Delgado (1993), Gerson (1985, 1993) e Marí-Klose e Nos Colom (1999).

<sup>9</sup> Os problemas de medida e definición polo xeral refírense: á non estandarización das preguntas sobre o tema, que condicionan enormemente as respostas; á «racionalización» das respostas como a tendencia sistemática a axustar as preferencias á conduta actual; ao problema das persoas que pospón progresivamente os seus desexos ata remataren por non cumprilos; e aos problemas que teñen as persoas para especificaren o número de fillos concreto que desexan ou teñen intención de teren; ou para dicir que algún dos seus fillos non foi desexado (Westoff, 1990; Goldstein e outros, 2003; Bongaarts, 1990, 2001, 2003; Lightbourne, 1985).

<sup>10</sup> Esta diferenciación conceptual dá lugar a diversas propostas de medición de cada unha destas dimensións. Así, respecto aos desexos é frecuente o uso de preguntas como «*Gustaríalle ter fillos propios algún día?*» (FFS, 1992) ou «*gustaríalle ou teríalle gustado ter fillos?*» (INE, 1998) e, de for o caso, «*cantos?*» e «*a que idade?*». Sobre o número esperado: «*Pensa vostede que terá algún fillo máis?*» (British Household Panel Survey, 1991-2003). Respecto das intencións: «*Ten intención de ter fillos no futuro?*» (INE, 1998). En referencia aos ideais socialmente compartidos: «*Polo xeral, cal pensa que é o número de fillos ideal para unha familia?*» (Eurobarómetro, 2001). Por último, canto ao ideal persoal: «*E para vostede, na súa opinión, cal é o número ideal de fillos que lle gustaría ou que lle tería gustado ter?*» (Eurobarómetro, 2001). Como podemos observarmos, na práctica as nocións de desexos e ideais persoais son asimilables.

En calquera caso, semella amplamente aceptado que a relación entre actitudes ou preferencias e comportamentos é complexa e bidireccional. Isto é, as preferencias e intencións inflúen no número actual de fillos e ese número, á súa vez, inflúe nas preferencias e intencións (van Peer, 2000). Unha precisión importante é que se producen mudanzas nestas preferencias ao longo do curso da vida (os efectos da idade sobre a relación entre preferencias e comportamento) por mor do atranco que supón anticipar o futuro e, sobre todo, polas condicións concretas en que se achan os suxeitos, que poden ser máis ou menos propicias para teren fillos (Westoff e Ryder, 1977; Bongaarts, 1992).

A presenza destes conceptos na literatura abrangue todos os enfoques tratados con anterioridade, aínda que o seu tratamento a miúdo se circunscribe á dimensión das preferencias relativas ao tamaño da familia (número de fillos desexados, esperados, ideais e efectivos). O sentido destas nocións no enfoque microeconómico, por exemplo, xira ao redor dos custos e beneficios asociados ás preferencias e percepcións dos individuos; son, por tanto, un elemento considerado nos procesos de toma de decisións, sobre todo no tocante ás decisións pasivas ou inerciais; e están na propia base da definición da utilidade e valor dos fillos, reflexo desas mesmas preferencias. Desde os enfoques sociolóxicos, estas ideas aparecen recorrentemente na literatura centrada nos ideais normativos, sobre todo na Teoría da segunda transición demográfica. Nestes enfoques adóptase unha dimensión menos restrinxida do termo, por exemplo, na Teoría de Hakim, que explica as preferencias das mulleres canto a diferentes estilos de vida asociados á maternidade.


### 3.2. Cara a unha síntese: un modelo de interpretación

Ao longo deste apartado enumeráronse moitos elementos e de moi diversa natureza, que ben poderían explicaren as decisións sobre a maternidade e, por tanto, de xeito agregado, os niveis globais de fecundidade. Como xa se sinalou, cada un dos diferentes enfoques que se poden distinguir na literatura sobre fecundidade tende a facer fincapé selectivamente nun determinado subconxunto deses elementos. Non obstante, aínda correndo o risco de caermos nun aberto eclecticismo, coidamos que pode ser frutífero valoralos no seu conxunto, sen optarmos aprioristicamente por atribuír preeminencia a ningún deles —polo menos nas fases iniciais da nosa investigación, en que se utilizarán técnicas de captación e análise de información de carácter cualitativo que son particularmente propicias á adopción dunha posición de apertura teórica. Velaí a razón de que a nosa revisión da literatura especializada se dirixira fundamentalmente a establecermos un inventario o máis amplo posible de potenciais factores explicativos, como os recollidos na figura 2, máis que a derivarmos unha serie de hipóteses para sometelas a contrastación. Ora ben, este pluralismo de partida non supón a ausencia dun modelo de interpretación da conduta reprodutiva, en canto conduta socialmente configurada. Lonxe diso, a nosa investigación está orientada por un esquema interpretativo no cal se deberán inserir os distintos elementos ou factores aos que se lles pretenda atribuír relevancia causal, e só poderemos considerar que están satisfactoriamente incorporados á explicación, na medida en que for posible especificarmos e facermos intelixible o lugar que ocupan —e o papel que desempeñan— no proceso de decisión e acción que culmina na maternidade.

Ese esquema, directamente inspirado nas concepcións sociolóxicas clásicas do «marco de referencia da acción» (Parsons, 1937), preséntase graficamente na figura 3. Inclúe catro tipos de elementos cuxa consideración é imprescindible para entender as accións (e non-accións) dun suxeito —no noso caso, das mulleres en idade fértil—. O primeiro elemento é o dos *fins* aos que se poden encamiñar os seus actos; nas nosas circunstancias, cómpre termos en conta tanto os fins relacionados coa maternidade (desexos canto ao número e sexo de fillos que lle gustaría ter, preferencias sobre o calendario, etc.) como as aspiracións e metas noutras ordes vitais, con especial atención ás relativas ao ámbito econó-

mico-laboral. Esa diversidade de obxectos e esferas ás que se refiren os fins e aspiracións individuais, engadida ao carácter inevitablemente limitado dos recursos dispoñibles, produce unha tensión entre eles, de maneira que normalmente será imposible realizar simultaneamente as preferencias en todos os ámbitos. Outros dous tipos de elementos que é preciso considermos son precisamente os compoñentes básicos do contexto de acción en que se achan as mulleres: *os medios ou recursos* de que dispoñen (aqueles elementos obxectivos (materiais ou non) que teñen un carácter habilitador ou facilitador da acción, na medida en que se poden usar como instrumentos por parte do actor) e as condicións en que actúan (isto é, aqueles elementos obxectivos que impoñen restricións ou limitacións á acción). Á tensión entre diversos fins engádese a que existe entre medios e condicións e, ademais, a que se dá entre o conxunto dos fins do actor e o balance global de medios e condicións ao que se enfronta. Finalmente, a selección de cursos de acción concretos nese marco complexo lévase a cabo en función dun horizonte normativo que fornece de guías e impoñen novas restricións; por tanto, *as normas* son o cuarto tipo de elementos que hai que sopesar na análise.

**Figura 3. MODELO DE INTERPRETACIÓN DOS PROCESOS DE ACCIÓN/DECISIÓN SOBRE A FECUNDIDADE**



Nesta orde de cousas, o proceso de acción dun suxeito —no noso caso, a conduta reprodutiva das mulleres galegas— pode interpretarse como resultado (elixido, cando menos en certa medida, polo propio suxeito, que inevitablemente ten de escoller entre diversas alternativas e investir esforzo, enerxías e recursos de todo tipo nos actos dirixidos a obter o fin ou fins que se propoñen obter) dunha constelación determinada de elementos destes catro tipos. A tensión entre eles e a forma concreta de resolución desta por parte do actor conduce á tradución de certos desexos (no que a nós nos interesa, preferencias xerais sobre o número de fillos que as mulleres queredrían) en intencións definidas e concretas, e destas en condutas efectivas (fecundidade/infecundidade). Esa transición desde o plano dos desexos xenéricos ata a conduta é posible describila en termos de adopción dunha determinada estratexia ou plan de acción (aínda que nalgúns casos será máis acadao caracterizala como resultado



dunha conduta inercial ou habitual que implica a ausencia dunha estratexia de acción en sentido estrito). Pese a que a variabilidade desas posibles estratexias é moi grande, pode reducirse a unha tipoloxía significativa. No caso que nos ocupa, coidamos dunha grande utilidade adoptarmos a tipoloxía proposta por Catherine Hakim (2003, 2005) para describirmos os principais cursos de acción aos que se encamiñan as mulleres nas sociedades avanzadas cando teñen que definir as súas preferencias vitais e estilos de vida, particularmente no que respecta ao equilibrio entre preferencias relativas ao traballo e relativas á familia. Por iso, diferenciaremos con Hakim entre unha estratexia orientada cara ao traballo, unha orientada cara á familia, e unha diversidade de estratexias adaptativas (caracterizadas por tratar de incorporar aspectos das dúas anteriores e por procurar mecanismos de conciliación entre tarefas no ámbito produtivo e no reprodutivo). Coidamos que a decisión de ter ou non ter fillos pode ser entendida como un compoñente central dentro da opción por unha ou outra destas estratexias, que asemade supón maneiras concretas de resolveren (dentro dun determinado marco normativo) as tensións existentes tanto entre as diversas aspiracións das mulleres, como entre o conxunto das súas aspiracións e as condicións e medios que constitúen o seu contexto de acción.

Dentro deste esquema xeral de análise e interpretación, os posibles factores explicativos da fecundidade salientados por diversos enfoques e reseñados na figura 2 poden cualificarse como instancias concretas dalgún dos catro tipos de elementos diferenciados na figura 3 ou como aspectos ou efectos da súa interrelación. Coidamos que unha comprensión plena da conduta reprodutiva como acción significativa dotada dunha lóxica intelixible será máis factible a través da integración de factores de moi diversa natureza neste esquema xeral unitario, que mediante a acentuación unilateral da importancia dalgúns dos factores.



## 4. DESEÑO

A investigación sobre os determinantes da fecundidade está marcada, de maneira xeral, por un gran predominio dos estudos de carácter cuantitativo. A inmensa maioría de estudos baséanse nunha metodoloxía demográfica e cuantitativa, consistente polo xeral na realización de análises estatísticas a partir da explotación de datos de natureza secundaria. Aínda que este tipo de estudos é fundamental tanto para describir a magnitude e variacións do fenómeno da fecundidade como, na medida en que se recorre a enquisas dirixidas especificamente a este fin, para facer xeneralizacións empíricas sobre a primacía de determinados factores explicativos da maternidade en diversas poboacións, o déficit de análises cualitativas supón, no noso parecer, unha grave eiva, debido a que as aproximacións cualitativas son especialmente axeitadas para identificarmos os mecanismos que interveñen nos procesos de decisión e acción concretos que conducen á maternidade e que constitúen o derradeiro fundamento das pautas agregadas de comportamento reflectidas nos indicadores demográficos. Especialmente ilustrativos da potencialidade dos estudos cualitativos neste campo son os traballos de Katherine Gerson (1985, 1993) sobre traxectorias familiares e laborais de mulleres e homes, nos cales segue un deseño de entrevistas en profundidade preciso e exhaustivo. Neles, foi quen de reconstruír os procesos de decisión sobre a maternidade (e paternidade) e a súa ligazón coas decisións adoptadas simultaneamente noutras esferas vitais, amosando que esas decisións só poden ser entendidas en termos de articulacións concretas de restricións externas e preferencias individuais de diversa orde. Este tipo de traballo serve como referente para a nosa proposta de investigación que, implica a combinación de métodos cuantitativos e cualitativos de investigación, sen esquecermos de cales son os máis axeitados para cada un dos obxectivos específicos.

Daquela, en primeiro lugar, para describirmos con precisión as variacións dos niveis de fecundidade en Galicia, empregamos un enfoque cuantitativo mediante a análise de datos secundarios de fontes oficiais. Esta fase persegue obter unha representación global das tendencias da fecundidade no conxunto da poboación estudada. En segundo lugar, para identificarmos os mecanismos que talvez se achan detrás desas pautas, as lóxicas da acción subxacentes ao fenómeno, utilizamos o enfoque cualitativo co fin de tirarmos todo o proveito posible da complementariedade entre entrevistas en profundidade e grupos de discusión. E, en terceiro lugar, para determinarmos a magnitude e extensión da presenza deses factores explicativos e posibilitarmos a realización de inferencias válidas sobre a poboación obxecto de estudo, recorreremos de novo ao enfoque cuantitativo; en concreto ao deseño e realización dunha enquisa.

A proposta metodolóxica deste estudo enténdese, por tanto, desde tres ángulos que se complementan reciprocamente: primeiro, un vértice cuantitativo e descritivo que se fixa na dimensión macro e agregada do fenómeno; segundo, un vértice cualitativo e comprensivo, que comporta a adopción dun punto de vista microsocial; e, terceiro, un vértice cuantitativo, explicativo-comprensivo, que serve de ponte entre a dimensión micro e macro do fenómeno. Este tipo de deseño permite un proceso de ida e volta entre o macro e o micro que serve, fundamentalmente, para chegar a unha explicación máis fonda dos procesos e mecanismos causais que producen —e cuxa reconstrución fai intelixible— o comportamento reprodutivo das mulleres galegas. A singularidade da investigación proposta radica precisamente nesta integración e triangulación de técnicas de investigación diferentes e na inclusión da dimensión cualitativa, insuficientemente aproveitada nos estudos sobre o tema.

O resto deste documento presenta con certo detalle cada un dos instrumentos técnicos que compón o deseño de investigación proposto.

#### 4. 1. O deseño cuantitativo (I): explotación de datos secundarios

O fenómeno en que se concentra este estudo é o das *variacións no tempo e no espazo na natalidade* (a frecuencia de nacementos na poboación tomada en conxunto) e a *fecundidade* (a frecuencia de nacementos na poboación en idade reprodutiva) da poboación galega. É, xa que logo, un estudo dun aspecto dos comportamentos demográficos —os nacementos— realizado tendo en conta outras das súas dimensións, como a nupcialidade, a mortalidade, a mobilidade no espazo e o resultante crecemento da poboación. En boa lóxica, o primeiro paso é analizarmos unha serie de indicadores demográficos básicos sobre a natalidade e a fecundidade en Galicia. A estes engadirase outra serie de indicadores, relativos ao mercado laboral e de tipo económico, inicialmente adxacentes a estas dinámicas demográficas. Mais para darmos robustez a esta análise, adoptárase unha *perspectiva de tipo comparado*. Quere dicir, o caso de estudo non será só Galicia, senón que se comparará con outras rexións españolas e europeas.

O *ámbito xeográfico* que toma como referencia de análise este estudo é Galicia. Por tanto, o tratamento dos datos realizarase tendo como referente a rexión, en canto unidade territorial con características distintivas. En termos estatísticos, isto equivale a traballar con *NUTS de tipo 2*, equiparables en termos de poboación ás comunidades autónomas españolas. Segundo a nomenclatura de unidades territoriais estatísticas, as NUTS-2 son aquelas rexións europeas cunha autoridade administrativa establecida e con competencia institucional e legal. Os niveis de NUTS en que se divide unha unidade administrativa dependen de límites de poboación. Concretamente as NUTS 2 son as que teñen unha poboación mínima de 800.000 habitantes e máxima de 3.000.000 habitantes.

A *dimensión temporal* tamén está presente, a través da reconstrución de *series temporais* amplas coas que poder describir a evolución dos procesos demográficos de interese. A reconstrución destas series no nivel comparado presenta certas limitacións, debido á dificultade de obtermos información comparable e con niveis semellantes de desagregación para distintos momentos temporais e para rexións de diversos países europeos. Estas limitacións determinan a dimensión temporal do estudo: máis exhaustiva no caso galego e das rexións españolas (desde 1970 deica hoxe) que no caso das rexións europeas (desde 1990 ata hoxe, con excepcións por falta de datos). Alén diso, cómpre lembrarmos que esta clase de análise temporal é de tipo transversal ou de período, non analiza a fecundidade das xeracións. Como complemento a esta perspectiva inclúese no estudo unha análise de tipo lonxitudinal, baseada nos fillos efectivamente tidos polas diferentes xeracións nadas durante o s. XX e elaborada a partir de datos da *Encuesta Sociodemográfica* de 1991.

Os *contidos ou variables* consideradas neste estudo concordan coa descrición demográfica como metodoloxía da investigación. Son, por unha banda, variables demográficas clásicas: *taxa bruta de natalidade, índice sintético de fecundidade, taxas específicas de fecundidade, idade media á maternidade, idade media á primeira maternidade, porcentaxe de nacementos a cada orde, porcentaxe de fillos de nai non-casada, taxa bruta de nupcialidade, taxa bruta de divorcio*. E, por outra banda, variables de tipo socioeconómico cuxa covariación coas pautas demográficas parece de especial interese: *taxas de actividade, ocupación e paro por sexo e idade e porcentaxe de poboación ocupada por sectores*.

As *fontes de datos* para extraer esta información son os censos de poboación e vivendas (1970 a 2001), os padróns de habitantes (1996 a 2006) e o movemento natural da poboación (1970 a 2006), para Galicia e España; e, no caso das rexións europeas, a base de datos *Regio*, pertencente a Eurostat.

## 4. 2. O deseño cualitativo

A primeira das ferramentas metodolóxicas cualitativas que se utilizarán é a das entrevistas en profundidade, elixidas porque polo seu propio carácter permiten a reconstrución das traxectorias vitais, das experiencias ou situacións persoais das mulleres obxecto de análise. En segundo lugar, a outra técnica cualitativa empregada é a dos grupos de discusión, grazas aos cales se afonda nos distintos discursos e representacións colectivas dos subconxuntos de poboación implicados na problemática de estudo. Isto é pertinente porque partimos da hipótese da existencia de corpos estruturados de discurso diverxentes, de acordo con diversas características que se utilizarán como criterios de segmentación. Ademais, a fórmula de grupos proposta, a entrevista en grupo, conxuga coa anterior a posibilidade de recoller as experiencias, e non tanto as opinións das participantes acerca da temática de investigación.

A combinación de entrevistas individuais e grupos de discusión está dirixida a reforzar a perspectiva das traxectorias que achegan as entrevistas en profundidade coa valoración conxunta destas a través dos grupos de discusión. Ambas as dúas tamén cimentan a posibilidade de extraer corpos de discurso con cohesión de acordo cunha serie de variables de segmentación que se consideran chave para a materia. E, sobre todo, permiten abriren a «caixa negra» dos mecanismos causais que median entre os grandes factores delimitados con anterioridade para a explicación dos niveis de fecundidade e as condutas e experiencias das mulleres obxecto de estudo.

### 4. 2. 1. Entrevistas en profundidade

A **entrevista en profundidade semiestruturada** é unha técnica cualitativa que permite recompilar información factual sobre as vidas, experiencias e situación persoal dos suxeitos entrevistados e, alén diso, reconstruír a súa definición, percepción e valoración subxectiva dos acontecementos que constitúen a súa traxectoria vital. A adecuación deste tipo de técnica ao obxecto deste estudo vén dada pola súa utilidade para indagar nas traxectorias e expectativas das mulleres que compón a poboación de referencia, desvelando como constrúen as súas traxectorias ao longo do ciclo de vida en relación coa maternidade e con todos os factores que poden incidir nas decisións sobre ela.

O tipo de entrevista proposto encádrase no modelo de entrevista narrativa (próxima á historia de vida) a través da cal se pide ás entrevistadas que narren a súa propia experiencia cunha metodoloxía o menos intrusiva posible. Deste xeito, o procedemento da entrevista consiste en formularlle preguntas abertas sobre cada temática de interese e pedirlle á entrevistada que elabore a súa propia experiencia a partir delas. Este modo de proceder exige un esforzo por parte das entrevistadoras que teñen de rea-

lizar a entrevista coa máxima flexibilidade posible e estableceren un diálogo de tipo conversacional, en que se adecúe, na medida do posible, a linguaxe das preguntas á linguaxe da entrevistada. Desta maneira, acádase unha elaboración do discurso por parte das entrevistadas relativamente espontánea e libre, e a un tempo afondan naquelas temáticas que se consideran de interese para a investigación.

### Perfís das entrevistas en profundidade

Os criterios de selección das entrevistas en profundidade dirixidas as mulleres **entre 20 e 45 anos** seguirán o mesmo esquema presentado na táboa 4. Alén dos requisitos mínimos exixidos para a selección de cada un dos individuos que se entrevistarán, a composición final de entrevistas deberá garantir a máxima heteroxeneidade posible en relación coas variables de idade, hábitat e número de fillos.

O sentido das categorías diferenciadas en cada unha das variables de segmentación utilizadas é o seguinte:

- Enténdese por mulleres **activas** aquelas que, no período de referencia con data no mes anterior ao comezo da fase de captación, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos (**ocupadas**) ou aquelas que están dispoñibles e fan xestións para se incorporar á devandita produción (**paradas**). Neste segundo suposto, requirirase que a situación de desemprego se materializara no rexistro do INEM.

No segmento de mulleres ocupadas desagregaríase entre ocupacións **manuais e non-manuais**. Asemade, dentro desta última categoría distinguirase entre traballadoras **profesionais e directivas** (ocupacións caracterizadas por elevados niveis de cualificación —decote asociadas a algunha titulación universitaria— e/ou que exixen o desempeño de autoridade) e **traballadoras administrativas e comerciais**.

Para o conxunto de mulleres paradas distinguiríanse dous grupos segundo o seu nivel de **estudos: inferiores a secundarios e secundarios ou máis**.

- As mulleres **inactivas** son aquelas non clasificadas como ocupadas, nin paradas durante o período de referencia e que se comprenden nas seguintes categorías funcionais:
  - mulleres que se ocupan da xestión e/ou o coidado do fogar
  - estudantes
  - pensionistas
  - mulleres con minusvalía
  - outra situación: mulleres que, sen exercerem ningunha actividade económica, reciben axuda pública ou privada e todas aquelas que non estean incluídas en ningunha das categorías anteriores, por exemplo as rendeiras.

No que respecta ás mulleres **inactivas** diferenciaranse dúas categorías en función do nivel de estudos destas: **inferiores a secundarios e secundarios ou máis**. A composición é igual á sinalada para as mulleres paradas.

- En cada unha das categorías resultantes desta clasificación farase unha última diferenciación segundo o número de fillos, para o que se contemplan dúas categorías: **mulleres sen fillos e mulleres con fillos**.

**Táboa 4. PERFÍS DAS ENTREVISTAS A MULLERES**

Relación coa actividade económica	Activas								Inactivas					
Relación coa actividade económica	Ocupadas				Paradas									
Nivel de estudos					Inferiores a secundarios		Secundarios ou máis		Inferiores a secundarios		Secundarios ou máis			
Características da ocupación	Manuais		Non-manuais											
Categoría de actividade			Profesionais e directivas		Administrativas e comerciais									
Número de fillos	0	≥1	0	≥1	0	≥1	0	≥1	0	≥1	0	≥1	0	≥1
Número de entrevistas	2	2	3	3	2	3	1	2	2	2	2	2	2	2
<b>TOTAL</b>													<b>30 entrevistas</b>	

### Número, tamaño e lugar de realización das entrevistas

No referente a implementación das **30 entrevistas** cómpre especificarmos que se realizaron 2 entrevistas por cada un dos perfís resultantes das variables de estratificación manexadas (14 perfís), con algunhas excepcións para perfís concretos (realización dunha entrevista adicional ou, nun caso, de tan só unha entrevista dun perfil) debidas a reaxustes obrigados durante a realización do traballo de campo, coa finalidade de dispormos dunha maior información sobre a traxectoria vital e a situación actual das mulleres seleccionadas.

A execución das entrevistas repartiuse por toda a xeografía galega segundo a distribución detallada na táboa 5.

## Táboa 5. DISPERSIÓN XEOGRÁFICA DAS ENTREVISTAS

<b>A CORUÑA (10 entrevistas)</b>	<b>LUGO (9 entrevistas)</b>
6 en cidades (con máis de 50.000 hab.)	4 en cidades (con máis de 50.000 hab.)
2 en concellos 50.000-5000 hab.	2 en concellos 50.000-5000 hab.
2 en concellos < 5000 hab.	3 en concellos < 5000 hab.
<b>OURENSE (6 entrevistas)</b>	<b>PONTEVEDRA (5 entrevistas)</b>
2 en cidades (con máis de 50.000 hab.)	4 en cidades (con máis de 50.000 hab.)
2 en concellos 50.000-5000 hab.	1 en concellos < 5000 hab.
2 en concellos < 5000 hab.	
30 ENTREVISTAS EN TOTAL	

Leváronse a cabo 9 entrevistas na provincia de Lugo, 6 na de Ourense, 5 na de Pontevedra e 10 entrevistas na provincia da Coruña. En cada provincia trátase de buscar a representación de entrevistadas de diferentes hábitats. Por iso se distingue entre as sete grandes cidades (municipios de máis de 50.000 habitantes), os municipios entre 50.000 e 5000 habitantes e os municipios de menos de 5000 habitantes. Na provincia de **Lugo** realizáronse 4 entrevistas na cidade de Lugo, 2 nos municipios de 50.000 a 5000 habitantes e 3 nos municipios de tamaño inferior. En Ourense efectuáronse 2 entrevistas na cidade, 2 nos concellos de 50.000 a 5000 habitantes e 2 nos municipios de menos de 5000. En **Pontevedra** fixéronse 4 entrevistas nas cidades e 1 nos municipios inferiores a 5000 habitantes. No que respecta á provincia da **Coruña**, 6 entrevistas desenvolveranse nas cidades, 2 nos concellos de entre 50.000 e 5000 habitantes e 2 nos municipios con menos de 5.000 habitantes.

Máis concretamente realizáronse entrevistas nos seguintes municipios: en Ferrol (2 entrevistas), A Coruña (2), Santiago de Compostela (2), en Ortigueira, Cesuras, Touro, Dumbria, en Lugo (4), Viveiro, Mondoñedo, O Incio, Guitiriz, en Ourense (2), Verín, Xinzo de Limia, A Rúa, Amoeiro, en Vigo (2), Pontevedra (2) e Forcarei.

### 4. 2. 2. Grupos de discusión

A outra das técnicas cualitativas empregadas para desenvolver esta investigación é o grupo de discusión. O enfoque adoptado na realización e moderación destes é o da perspectiva da *entrevista grupal*. Esta técnica difire da dos grupos de discusión ao uso, xeralmente orientados a recollen as opinións dos participantes. A entrevista grupal, pola súa banda, segue o mesmo procedemento na composición dos grupos, mais posúe a especificidade de estar orientada a recoller as experiencias das persoas expostas á discusión (Merton e Kendall, 1946; Merton et al., 1990). Considérase que esta técnica responde mellor aos obxectivos da investigación xa que o que interesa é reconstruír as experiencias, traxectorias (se a maternidade xa se produciu) e expectativas (no caso de mulleres sen fillos) das participantes.

A entrevista grupal parte dunha definición común da situación na cal se encontran as participantes para, a partir de aí, realizar unha tarefa exploratoria. As integrantes do grupo comparten unhas características básicas definidas polo propio deseño. Por iso, para cada grupo, e de acordo co seu perfil, establécense diferentes puntos de arranque da discusión. Esta técnica, que pretende reconstruír a experiencia, caracterízase por unha moderación máis intervencionista que a desenvolvida nos grupos de discusión máis habituais. Está moito máis pautada e precisa dun guión máis fechado e elaborado, a partir do cal xorden unha serie de situacións concretas, a propósito da situación das participantes



con respecto á maternidade. Outra singularidade da entrevista grupal é que está enfocada cara ás experiencias subxectivas das persoas expostas a unha situación previamente analizada polo investigador (Merton e Kendall, 1946; Merton et al., 1990). Para iso se realizou unha análise da literatura existente, que se presentou no apartado 3 deste documento, e con base nela elaborouse un esquema dos principais factores explicativos da fecundidade. Estes factores son decisivos para a construción dun guión das reunións dos grupos destinado a obter información relevante sobre cada un deles. Trátase de recoller información, por medio dos grupos, sobre tres elementos fundamentais: 1) as experiencias ou expectativas, segundo o caso, sobre a maternidade das participantes; 2) o axuste ou desaxuste desas experiencias cos factores explicativos previamente analizados; 3) a relación dos puntos anteriores co perfil deseñado para a construción de cada grupo, en función dunha serie de variables de segmentación que se consideraron axeitadas.

O estilo de moderación dos grupos é diferente do que propón a escola hexemónica en España, que adoita apostar por un deseño aberto (o moderador só provoca a discusión e non a dirixe) e considera que no proceso de investigación está integrada a realidade concreta do investigador —fáise fincapé na topoloxía do grupo, na posta en escena, e noutros elementos interpretativos— (Ibáñez, 1989). Pola contra, na entrevista grupal aquí deseñada seguiu-se unha estratexia máis directiva, na procura dun equilibrio entre, dunha banda, a necesidade da intervención e condución do grupo para ir aprofundando nas diferentes situacións cuxa discusión se propón e, doutra banda, a fuxida de nesgos na formulación das preguntas, que trata de ser o máis neutra posible.

Con esta finalidade, ficou establecido que o moderador formulase un punto de arranque ao comezo e logo incitase a elaboraren e desenvolveren as ideas que abrollan entre as propias integrantes do grupo —dando pistas destinadas a dirixir a conversa cara a aqueles temas que se consideran relevantes, mais minimizando o perigo de forzar o discurso das participantes—. Deste xeito, trátase de lles facilitar ás integrantes do grupo, o establecemento de comparacións explícitas entre as súas experiencias e á vez abrir discusións acerca delas, mais sempre pondo límites ao discurso abstracto e estereotipado. De non xurdir os elementos que se definiron con anterioridade como potencialmente significativos, presentaríanse sutilmente para que logo tamén se puidese discutir sobre a súa propia importancia. En definitiva, trataríase de acadar unha elaboración da experiencia por parte das participantes á que o moderador iría achegando toda unha serie de estímulos co fin de que, a partir deles, as participantes establecesen a conexión e a forma que adoptan eses elementos no seu propio caso (podendo mesmo desbotalos por irrelevantes).

### Perfís dos grupos de discusión

Os grupos de discusión deseñados están compostos por **mulleres** de entre **20 e 45 anos**, xa que se asume que son os suxeitos cunha maior implicación nas decisións sobre a fecundidade. Asemade, para a definición dos grupos tivéronse en conta catro variables de segmentación: número de fillos, nivel educativo, relación coa actividade e ocupación. As devanditas variables permiten identificarmos e diferenciarmos os discursos existentes. Na táboa 6 resúmense os criterios de selección dos membros de cada un dos grupos, e tamén o número resultante das distintas combinacións.

**Táboa 6. Perfís dos grupos**

Relación coa actividade económica	Activas						Inactivas					
Relación coa actividade económica	Ocupadas				Paradas							
Nivel de estudos					Inferiores a secundarios		Secundarios ou máis		Inferiores a secundarios		Secundarios ou máis	
Características da ocupación	Manuais		Non-manuais									
Categoría de actividade			Profesionais e directivas		Administrativas e comerciais							
Número de fillos	0	≥1	0	≥1	0	≥1	≥1	0	≥1	≥1	0	≥1
Número de grupos	1	1	1	2	2	1	1	1	1	1	1	1
<b>TOTAL</b>											<b>14 grupos</b>	

Alén dos criterios enumerados anteriormente, na composición de todos e cada un dos grupos buscouse unha adecuada representatividade das seguintes variables: «idade» (dentro da faixa de 20 a 45 anos, pero con idades non moi homoxéneas entre si); «hábitat» (unha composición equilibrada de mulleres procedentes de hábitats urbanos e rurais); procurouse que nos grupos de mulleres con fillos houbo unha presenza de nais con diferente número de fillos; nos grupos de mulleres ocupadas pretendeuse un certo equilibrio entre as participantes que traballan a tempo completo (todos aqueles empregos cunha dedicación semanal de 40 ou máis horas) e a tempo parcial (cunha dedicación inferior a 40 horas semanais).

### Número, tamaño e lugar de realización dos grupos

O resultado da combinación das distintas variables de estratificación, máis a duplicación dos grupos correspondentes a dous perfís de especial interese, deu lugar a un **total de 14 grupos** de discusión. Cada un destes grupos compúxoo un **mínimo de 7** mulleres e un **máximo de 9**. A formación dos grupos tivo lugar en diferentes puntos da xeografía galega: creáronse 2 grupos na provincia de Ourense, 3 na de Lugo, 4 na de Pontevedra e 5 grupos na provincia da Coruña. Só 1 dos grupos para cada unha das provincias de Lugo e Ourense se organizou en cidades (municipios de máis de 50.000

habitantes), os restantes (1 na provincia ourensá e 2 na lucense) executáronse en concellos con menor tamaño poboacional ao das cidades. En Pontevedra, realizáronse 2 grupos en cidades e 2 en concellos menores de 50.000 habitantes. No que respecta á provincia da Coruña, 3 grupos desenvolvéronse en cidades e 2 en concellos con poboación inferior á das cidades.

### 4.3. O deseño cuantitativo: (II) enquisa-panel

O último instrumento que integra o deseño desta investigación sobre fecundidade é unha enquisa-panel que, a partir dunha primeira fase de recollida dun gran volume de información retrospectiva sobre a traxectoria previa dos suxeitos, leve a cabo unha actualización periódica desa información en fases sucesivas, coa subsecuente posibilidade de facermos un seguimento sistemático ao longo do tempo da biografía laboral, familiar e reprodutiva dos entrevistados.

Para entender as vantaxes comparativas deste enfoque, compre salientar as virtudes e limitacións propias dos deseños transversais e lonxitudinais na investigación social, e, dentro destes últimos, as peculiaridades dos estudos de panel.

O deseño de enquisas transversais emprégase acotío na investigación social pola súa capacidade para facer inferencias, pola facilidade e economía na súa execución e pola rapidez á hora de achegar resultados. O elemento característico deste procedemento é que a recollida de información se realiza mediante unha única medición e fornece de estimacións *estáticas* que reproducen a realidade nun momento concreto. A representación resultante pode reflectir adecuadamente a realidade durante un período de tempo extenso ou só durante un período limitado. Estes deseños utilízanse fundamentalmente para levaren a cabo estimacións *descriptivas* do obxecto de estudo, aínda que tamén permiten realizar explicacións ao efectuaren comparacións entre subgrupos. Non obstante, a maioría das veces resulta difícil realizarmos esas comparacións debido ao elevado número de variables que hai que controlar (de seguro que algunha delas nin sequera se recolleu na investigación), de maneira que o investigador ten que conformarse con especificar a presenza de diferenzas entre os grupos considerados. En último termo, as investigacións transversais *non permiten realizar explicacións causais*.

Fronte a este tipo de deseños, nas enquisas lonxitudinais o obxecto de estudo obsérvase durante un *intervalo prolongado de tempo*, con varias administracións do mesmo instrumento aos mesmos elementos —ou a elementos comparables—. Ten por obxectivo a descrición e explicación dos procesos producidos no tempo que transcorre desde unha medición a outra. Desta maneira, obtense unha representación dinámica da situación estudada, a partir da que se pode examinar o desenvolvemento dos acontecementos. Os deseños lonxitudinais achéganse á lóxica do experimento nunha situación real e con datos que *permiten realizar inferencias*. Como contrapartida, o elevado número de medicións aumenta notablemente o custo do estudo.

Cando se compara con outros tipos de deseños lonxitudinais, o deseño de panel caracterízase por seleccionar a mostra ao principio da investigación e por levar a cabo unha recollida de datos sobre o mesmo grupo de suxeitos en varios momentos diferentes. Na medida en que as persoas escollidas son as mesmas e a variación se acha no tempo transcorrido entre unha medición e outra, é posible coñecermos como evolucionan as persoas e como determinadas circunstancias xeran cambios nos comportamentos e actitudes dos individuos.

Destas consideracións despréndese que as principais diferenzas respecto do resto dos deseños son a estabilidade das mostras, a periodicidade das medicións e a posibilidade de realizar un seguimento continuado dos fenómenos obxecto de estudo. O estudo de panel proporciona unha gran cantidade

de información sobre a estabilidade ou a dirección do cambio no nivel individual, grupal ou societal. Ademais de detectar a evolución e os cambios agregados que subministran os deseños de tendencias, permite observar a evolución e os cambios referidos ao nivel dos individuos, mudanzas que ficarían ocultas con outros deseños. Analizándonos as características das persoas que mudan ou permanecen estables e os factores que o xustifican é posible realizar predicións sobre a dinámica do cambio.

En resumo, todas as características distintivas do deseño de panel contribúen a obter un coñecemento máis profundo e detallado do comportamento dos suxeitos analizados e, por tanto, a dotar dunha base máis sólida a toma de decisións, de paso que facilitan o deseño de políticas públicas que teñan en conta axeitadamente os determinantes da conduta dos cidadáns ás que esas políticas van dirixidas. No caso que aquí nos ocupa, a información obtida a través dun panel poderá permitir representar de maneira óptima a armazón de factores causais de moi diversa natureza que, a interactuar de maneira complexa, conforman as traxectorias e estratexias reprodutivas. En particular, podería axudar a identificar cales son aqueles factores sobre os que debería incidir a Administración para facilitar aos individuos e ás familias a realización das súas preferencias neste ámbito.

De por parte, como a actualización de información sobre os mesmos suxeitos que o panel permite realizar desvela a incidencia de novos eventos entre dúas ou máis datas, esta é unha técnica especialmente adecuada para a avaliación da repercusión de políticas públicas a curto, medio e longo prazo. Estamos a falar da posibilidade de por medio desta metodoloxía, realizarmos un seguimento do impacto efectivo que teñen sobre os comportamentos da poboación as políticas destinadas a pular a maternidade/paternidade. En definitiva, analizarase ata que punto aos cambios individuais e grupais aféctanos as intervencións da Administración neste ámbito: que muda na vida das persoas e como responden estas cando as condicións e as políticas se modifican.

En termos máis concretos, a proposta que aquí se fai consiste na posta en marcha dun panel de periodicidade anual. A primeira vaga tería dous obxectivos. O primeiro sería producir información exhaustiva sobre as seguintes características dos entrevistados:

- perfil sociodemográfico,
- traxectoria educativa,
- situación laboral actual,
- traxectoria laboral previa,
- situación persoal e familiar actual,
- traxectoria previa de emparellamento e formación de unións,
- traxectoria reprodutiva,
- intencións e proxectos reprodutivos, e
- inserción en redes sociais informais.

Este primeiro obxectivo implica, obviamente, dar ao cuestionario utilizado na primeira vaga un carácter marcadamente retrospectivo e significa amais que a súa extensión e a duración da entrevista serán considerables. O segundo obxectivo é obtermos información sobre un variado conxunto de actitudes, valores e orientacións dos entrevistados que puidesen estar directamente relacionados coas súas preferencias e proxectos reprodutivos. O cuestionario das sucesivas vagas desta enquisa áchase dispoñible no enderezo web: <http://legap.xunta.es/investigacion.php>.

As seguintes vagas do panel deberían consistir na aplicación dun cuestionario estable dedicado a actualizar a información sobre a situación laboral, persoal, de emparellamento, de paternidade/maternidade, identificando todos os cambios que se produzan nestes ámbitos da vida dos entrevistados. Ao cabo, debería aplicarse en cada momento o módulo sobre actitudes e valores contido no cuestionario inicial.



## 5. BIBLIOGRAFÍA

- Anshley, J. C. (1973): *The demographic transition*. «Proceedings of the International Population Conference».
- Arango, J. (1980): «La teoría de la transición demográfica y la experiencia histórica». *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, 10:169-198.
- Barnes, A. (2001). *Low Fertility: a discussion paper*. Canberra: Department of Family and Community Services.
- Bernardi, F. (2003): *El déficit de natalidad en España: análisis y propuestas para la intervención pública*. Documento de trabajo 13\*/2003. Madrid: Fundación Alternativas.
- Bongaarts, J. (1978): «A Framework for Analyzing the Proximate Determinants of Fertility». *Population and Development Review*, 4 (1): 105-132.
- Bongaarts, J. (1990). «The Measurement of Wanted Fertility». *Population and Development Review*, 16 (3): 487-506.
- Bongaarts, J. (2001): «Fertility and Reproductive Preferences in Post-Transitional Societies». *Population and Development Review*, 27: 260-281.
- Bongaarts, J. (2002): «The end of Fertility Transition in the Developed World». *Population and Development Review*, 28 (3): 419-443.
- Cabré Pla, A. (2002). *Facts and factors on low fertility in southern Europe: the case of Spain*. Trabajo presentado no «International Workshop on Low Fertility and Social Policies». Tokio.
- Caldwell, J. C., e T. Schindlmayr (2003): «Explanations of the fertility crisis in modern societies: a search for commonalities». *Population Studies*, 57 (3): 241-263.
- Carabaña, J. (2003): «Los cambios demográficos y sus consecuencias sociales». *Información Comercial Española*, 811: 153-174.
- Cleland, J., e C. Wilson (1987): «Demand Theories of the Fertility Transition: an Iconoclastic View». *Population Studies*, 41 (1): 5-30.
- Delgado, M. (1993): «Cambios recientes en el proceso de formación de la familia». *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, 64: 123-153.
- Easterlin, R. A. (1966): «On the Relation of Economic Factors to Recent and Projected Fertility Changes». *Demography*, 3 (1): 131-153.
- Fernández Leiceaga, X. (1996): *Fecundidade e actividade en Galicia 1970-1993*. Santiago de Compostela, IDEGA. Documento de Trabajo Economía Aplicada 2.

- Fernández Leiceaga, X. (1999): «La caída de la Fecundidad en Galicia, 1970-1995: explicación desde la economía». *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, 87: 53-81.
- Friedman, D; M. Hechter, e S. Kanazawa (1994): «A Theory of the Value of Children». *Demography*, 31 (3): 375-401.
- Garrido Medina, L., e E. Gil Calvo (eds.) (1993): *Estrategias familiares*. Alianza, Madrid.
- Garrido, L., e E. Chuliá (2005): *Ocupación, formación y el futuro de la jubilación en España*. Madrid, Consejo Económico y Social.
- Gerson, K. (1985): *Hard Choices. How Women Decide about Work, Career, and Motherhood*. Berkeley, University of California Press.
- Gerson, K. (1993): *No Man's Land. Men's Changing Commitments to Family and Work*. Nova York, Basic Books.
- Hakim, C. (2003): «A New Approach to Explaining Fertility Patterns: Preference Theory». *Population and Development Review*, 29 (3): 349-374.
- Hakim, C. (2005): *Modelos de familia en las sociedades modernas. Ideales y realidades*. Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas.
- Hirschman, C. (1994): «Why Fertility Changes». *Annual Review of Sociology*, 20: 203-233.
- Hobcraft, J. N. (2002): «Moving Beyond Elaborate Description: Towards Understanding Choices about Parenthood». En M. Macura e G. Beets (Eds.): *The Dynamics of Fertility and Partnership in Europe: Insights and Lessons from Comparative Research*. Vol. I. Nova York, Naciones Unidas.
- Kaplan, H. S., e J. A. Bock (2001): «Fertility Theory: Caldwell's theory of intergenerational wealth flows». *In International Encyclopedia of the Social and Behavioral Science*: 5557-5561.
- Lesthaeghe, R. (1991): *The second demographic transition in Western countries: An interpretation*. Working paper 1991-2. Interuniversity Programme in Demography, Bruselas.
- Mari-Klose, M., e A. Nos Colom (1999): *Itinerarios vitales: educación, trabajo y fecundidad de las mujeres*. Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas.
- Mason, K. O. (1986): «The Status of Women: Conceptual and Methodological Issues in Demographic Studies». *Sociological Forum*, 1 (2): 284-300.
- Mason, K. O. (1997): «Explaining fertility transitions». *Demography*, 34, No. 4: 443-454.
- McDonald, P. (2000a): *The "toolbox" of public policies to impact on fertility - a global view*. Trabajo presentado no «Annual Seminar 2000 of the European Observatory on Family Matters: Low Fertility, Families and Public Policies». Sevilla.
- McDonald, P. (2000b): «Gender Equity, Social Institutions and the Future of Fertility». *Journal of Population Research*, 17 (1): 1-15.
- McDonald, P. (2002): *Low fertility: unifying the theory and the demography*. Trabajo presentado no «Meeting of the Population Association of America, Session 73, Future of Fertility in Low Fertility Countries», Atlanta.
- Merton, R. K.; M. Fiske; e P. L. Kendall (1990): *Focused Interview: A manual of problems and procedures*. Nova York, The Free Press. Segunda edición.
- Merton, R. K. e P. L. Kendall (1946): «The focused interview». *American Journal of Sociology*, 51: 541-557.
- Parsons, T. (1937): *La estructura de la acción social*. Madrid, Guadarrama, 1968.
- Pérez Díaz, J. (2003): *La madurez de masas*. Madrid, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.



- Pérez Díaz, J. (2004): «Envelliment demogràfic o democratització de la supervivència?». *Mètode*, 43: 175-180.
- Pérez Díaz, J. (2005): «Consecuencias sociales del envejecimiento demográfico». *Papeles de economía española*, 104: 210-226.
- Robinson, W. C. (1997): «The Economic Theory of Fertility Over Three Decades». *Population Studies*, 51: 63-74.
- Van de Kaa, D. J. (1987): «Europe's Second Demographic Transition». *Population Bulletin*, 42.
- Van de Kaa, D. J. (1994): «The second demographic transition revisited: Theories and expectations». En G. C. N. Beets e outros (eds.): *Population and Family in the Low Countries 1993*. Lisse, Zwets and Zeitlinger.
- Van de Kaa, D. J. (2001): «Postmodern Fertility Preferences: From Changing Value Orientation to New Behavior». *Population and Development Review*, 27: 290-331.
- Van de Kaa, D. J. (2002): *The Idea of Second Demographic Transition in Industrialized Countries*. Trabajo presentado no «Sixth Welfare Policy Seminar of the 'National Institute of Population and Social Security'». Tokio.
- Weeks, J. R. (1981): *Sociología de la población*. Madrid, Alianza.



## 6. ANEXOS

### 6.1. Guión dos grupos de discusión

Deseguido se presentan dous guións representativos dos seis tipos de esquemas elaborados para realizarmos os grupos de discusión. En concreto, os correspondentes a empregadas sen fillos (a) e empregadas con fillos (b), xa que as principais diferenzas entre todos os guións son as relativas á ausencia-presenza de fillos nas participantes, e estes mudan substancialmente segundo este criterio.

#### A) EMPREGADAS SEN FILLOS

Bos días/boas tardes. De primeiro, gustaríame agradecer a vosa participación e a asistencia a este grupo. O meu nome é \_\_\_\_\_ e traballo nunha investigación que está a desenvolver a Escola Galega de Administración Pública, institución que pertence á Xunta de Galicia.

A finalidade deste estudo é a de coñecermos dun xeito directo a situación das mulleres galegas e para logralo estamos a organizar distintos encontros espallados polas catro provincias da nosa comunidade autónoma. Durante o transcurso da xuntanza hei de vos presentar diferentes situacións para que intercambiades as experiencias e ideas suscitadas por causa delas. Non se trata pois de ningún exame, só importa a vosa experiencia. Daquela, sentídevos cómodas e non dubidedes en expresardes o que quixerdes.

Estamos gravando esta conversación porque non queremos perder ningunha das vosas apreciacións ou comentarios, mais trataremos a información recollida dunha maneira totalmente confidencial.

Nesta reunión imos abordar un tema que vos atinxe a todas dunha ou doutra forma. En concreto, tentaremos que faledes sobre as **preferencias e expectativas** que cada unha de vós manifesta verbo do feito de ter fillos. Para iso, quero que pensedes en vós mesmas e na vosa situación persoal e non no que teñades ouvido a outras persoas ou aos medios de comunicación.

## BLOQUE I: PRESENTACIÓN

**P1.** *Para comezar, e para coñecernos un pouco mellor, gustaríame que cada unha de vós se presentase e contase, a grandes trazos, cal é a súa situación arestora, a que se dedica, con quen vive...*

### Instrucións:

Ao principio, realizarase unha primeira rolda de presentacións, co obxecto de definir a situación persoal actual das entrevistadas e tamén como mecanismo para que elas superen o receo a principiaren a conversación. Daqueles aspectos referidos polas participantes nesta *presentación inicial*, cómpre prestarlle atención á definición da súa «situación de parella», non se trata de lles formular a pregunta de maneira directa neste momento, mais si de tomar nota daquelas que non din nada ao respecto, xa que serán as únicas ás que se lles preguntará directamente nun momento posterior, sempre e cando a dúbida persista.

## BLOQUE II: PREGUNTA XERADORA

**P2.** *Quixera que cada unha de vós dixese se algunha vez pensou se lle gustaría ter ou non ter fillos.*

### Información de interese<sup>11</sup>:

- Desexos sobre a maternidade
- Número de fillos que desexarían ter
- Condicionantes deses desexos

### Instrucións:

(a) Unha vez obtida a resposta da primeira das participantes e se esta resultar excesivamente vaga ou non proporcionar información útil para continuar preguntando (por exemplo, respostas do tipo: si, non, depende, quizais, talvez, non o pensei, ...) formularase outra pregunta para convidala a profundar na temática (ex.: podes contarnos algo máis ao respecto?, que pensaches ao respecto?, exactamente, que ideas che veñen á cabeza?...). Ten moita importancia determinar o **número de fillos que a cada unha lle gustaría ter**.

(b) *Se entre aquelas participantes das que descoñecemos a súa «situación de parella» fica algunha que non fixer referencia ao tema na súa resposta a esta pregunta, o máis aconsellable será facer a pregunta directamente (cal é a túa situación persoal neste momento? Refírome a se tes parella, en que situación estades...), o máis acaído sería introducir a pregunta xusto despois da súa intervención.*

<sup>11</sup> As cuestións incluídas neste tipo de apartados titulados «Información de interese» só se deben presentar como suxestións. Se ninguén se fixer eco da suxestión desbotarase o tema, por tanto, e como regra xeral, non se debe forzar as participantes a lles atribuír importancia de o non faceren elas espontaneamente.

**P3.** *E a vosa/túa parella que pensa sobre o tema do que estamos a falar?*

**Información de interese:**

- Preferencias da parella e se o ven do mesmo xeito (comparten as mesmas expectativas, ideais, etc.)
- Se falan coa parella da cuestión da maternidade/paternidade e como a abordan

**Instrucións:**

A información sobre a **PARELLA** (loxicamente só no caso de a ter) será importante respecto de case todas as temáticas e poderase formular, a propósito da conversación, en varias ocasións *sempre e cando se considerar relevante*. Enténdese por tanto que se trata dunha temática **transversal**.

**Nota metodolóxica:**

**Lembra:** Desde esta perspectiva, a moderadora ten de incitar a que as propias integrantes do grupo elaboren e desenvolvan as súas ideas e, a partir de aí, darlles pistas —mais nunca forzándoas— acerca de aquilo que ficou definido previamente por nós como importante (Bloque III). Ha de facilitar que a comparación entre as experiencias das integrantes sexa clarificadora, emporiso porá límites ao discurso abstracto e estereotipado. De non xurdiren todos os elementos significativos presentaranse sutilmente para que máis tarde se poida discutir sobre a súa propia relevancia. En definitiva, trátase de lograr unha elaboración da experiencia á que se poden ir incorporando toda unha serie de estímulos, e nesa altura serán elas as que establezan a conexión e a forma que adoptan no seu propio caso. Para iso, hai que devolverlles ás participantes algunhas das ideas que elas mesmas fixeron abrollar e logo requirirlles que as elaboren en maior medida. Cando algúns dos temas considerados importantes na nosa opinión non xurdiren, convén propolos mais sen impolos.

A pregunta inicial servirá para obtermos unha visión xeral das participantes e, se cadra tamén, de cales son os factores ou condicionantes máis recorrentes ou, mesmo, estereotipados que manifestan as mulleres sobre a maternidade. A partir deste comezo, será tarefa da moderadora, profundar en cada un dos factores ou condicionantes, tirando o máximo proveito tanto daqueles que se mencionan de maneira máis explícita, como daqueles que poidan ficar ocultos no discurso. Para iso, a pesar de que será fundamental a pericia da moderadora, propomos unha serie de fórmulas ou «retrosos» axeitados para profundar nos temas expostos polas participantes.

- «algunhas de vós comentastes agora/antes que..., algunha outra o vive da mesma maneira?»
- «algunhas de vós comentastes agora/antes que..., algunha outra pensou niso nos mesmos termos?»

- «algunhas de vós comentastes agora/antes que..., algunha de vós pasou polo mesmo?»
- «e iso que comentabas acerca de..., como o vivistes as demais?»
- «a alguén lle ocorreu/pensou algo parecido?»
- «E iso, como foi?»
- «E que hai diso de que..., que comentaches antes?»

Unicamente no caso de non xurdiren de xeito espontáneo algún dos determinantes aquí contemplados, formularase a pregunta correspondente segundo a listaxe que se presenta a continuación. Asemade, a introdución dos temas novos e a transición entre eles poderase facer empregando as mesmas formulacións arriba expostas. Alén diso, nas transicións terase especial coidado de non facer cambios moi bruscos, para o que convén buscar temáticas o máis próximas posible entre si.

As preguntas (P4 a P17) utilizaranse para os temas que non saíron, posto que de saíren aplicaranse os retrousos para explorarmos eses mesmos aspectos. O inventario de factores proporciona o mapa que a entrevistadora debe ter moi presente para saber, en todo momento, que temas non saíron e se deben formular segundo este, e cales xa saíron e se deben elaborar cos «retrousos», sen deixar por iso de prestar atención a aspectos que non están contemplados de ningún xeito no inventario e nos que igualmente se deberá afondar no transcurso da reunión. En todo caso usaranse as preguntas máis directas ou os «retrousos» dependendo de cal for o mellor procedemento para mantermos unha conversación natural e fluída. E aínda hai que atender unha última consideración:

- Cando se utilicen as preguntas do inventario deberanse formular en plural
- Cando se trate de elaborar, obter máis detalles de asuntos que propuxeron as participantes empregaranse os «retrousos» en plural ou en singular a depender das circunstancias, isto é, se o tema é «espiñento» é mellor aplicarlos en plural (por exemplo, «algunha de vós comentaba que... en que senso credes que isto ten importancia?»)

### A. Situación laboral e condicións económicas

**P4.** *A vosa situación laboral ten algo que ver coa vosa idea de ter ou non ter fillos, ou de cantos fillos ter?*

(a) Naqueles casos en que se afirme que a situación laboral inflúe **negativamente** na decisión de ter fillos: *que mudanzas na túa situación laboral te poderían levar a pensar en ter fillos? ou cres que é posible que algunha mudanza na túa situación laboral te leve a considerar ter fillos ou a ver dunha maneira diferente esta posibilidade?, no seu caso, engadir, que tipo de cambio?*

(b) Naqueles casos en que se afirme que a situación laboral inflúe **positivamente** na decisión de ter fillos, se for necesario, preguntar: *poderías explicalo un pouco máis?*

#### Información de interese:

- Situación laboral obxectiva: xornada, horario de traballo, tipo de contrato, estabilidade no emprego, posto de traballo e cargo, retribución económica
- Condicións laborais subxectivas: satisfacción co traballo, responsabilidade percibida, actitude do empregador, percepción da estabilidade e seguridade no emprego
- Mudar de empresa, mudar de ocupación, mudar o tipo de contrato (temporal – permanente), pasar da actividade á inactividade

**P5.** *En xeral, segundo a vosa impresión tedes tempo dispoñible despois do voso traballo? ou o voso traballo déixavos tempo para outras cousas?*

**P6.** *E a situación laboral da vosa parella, inflúe na vosa idea de ter ou non ter fillos?*

#### Instrucións:

Se non achegaren información sobre a actividade da parella haberá que preguntarlles directamente *a que se dedica?*

#### Información de interese:

- Situación económica da parella
- Situación laboral da parella

**P7.** *Gustaríame que me contádeses se a vosa situación económica ten algo que ver coa vosa idea de ter ou non ter fillos.*

<sup>12</sup> A orde de presentación dos factores é simplemente orientadora e pódese ver alterada de acordo co desenvolvemento da xuntanza.

## B. Percepción do tempo, conciliación e axuda familiar

**P8.** *Ten relación o tempo de que dispondes coa vosa idea de ter fillos? ou credes que o tempo de que dispondes é algo que importa cando pensades en ter ou non ter fillos?*

**P9.1.** *Como facedes para organizar o voso tempo de traballo e o voso tempo na casa? Se o caso o requirir, preguntar: a que problemas te afrontas para facer isto?*

**P9.2.** *E coa vosa parella, como vos organizades?*

### Instrucións:

Se for necesario pódese explicar que nos referimos á repartición de tarefas, organización das responsabilidades no fogar...

**P10.** *Se chegades a ter fillos ata que punto botariades man da axuda da vosa familia? No caso de que a resposta for negativa preguntar, por que?*

### Información de interese:

- Disponibilidade: de tempo e de espazo (se non teñen outras ocupacións e se están o bastante próximos xeograficamente)
- Capacidade: idade e estado de saúde
- Actitude cara á posibilidade de que outros familiares eduquen os fillos propios
- Que vantaxes e inconvenientes cren que ten o feito de contaren coa familia para o coidado dos fillos
- A temática da emancipación/independización pode xurdir neste momento da entrevista ou cando se fixer referencia á familia de orixe

## C. Valores, custos de oportunidade e características persoais

**P11.** *Que cousas son importantes na vosa vida actualmente? que cousas facedes ou vos gustaría facer que son importantes para vós?*

### Instrucións:

As dúas cuestións que abrangue P12 débense facer conxunta e globalmente.

### Información de interese:

- Importancia da familia
- Importancia do traballo
- Importancia do tempo de lecer
- Importancia do/as amigo/as
- Importancia de viaxar...



**P12.** Facer unha recapitulación e preguntar: *Deica agora, nesta reunión, falamos do voso traballo, da vosa vida en parella, de como organizades o voso tempo, das cousas importantes para vós... En todo isto que comentamos, como encaixa a posibilidade de ter fillos?*

**Instrucións:**

A introdución da pregunta «En todo isto que falamos» debe servir como resumo de todo o anterior (traballo, parella, tempo, ...) e non só dos valores. Se se apreciar grandes diferenzas entre «as cousas importantes na vida actual» (P11) e o feito de ter fillos, preguntar: *e cres que sería perfectamente compatible coa idea de ter fillos?* ou *como cres que te poderías organizar para facer compatibles a vosa vida actual e os vosos proxectos coa idea de ter fillos?*

**P13.** *Algunha xente pensa que polo feito de ter fillos tería que renunciar a algunhas cousas que valora, gustaríame que cada unha de vós dixese se no seu caso particular sería así*

**Información de interese:**

- Os custos poden estar asociados a diñeiro, tempo, hábitos, lecer, liberdade, físico...
- Disposición para asumir as renuncias ou grao de compensación percibido entre os custos e os beneficios

**P14.** *Hai algo na vosa forma de ser que afecte a vosa idea de ter ou non ter fillos?*

**Información de interese:**

- Capacidade individual de xestionar conflitos
- Capacidade de tolerar o estrés
- Medo (percepción do embarazo e das dificultades perinatais)

**Instrucións:**

Recapitular e completar información. Neste punto é fundamental contarnos cunha idea clara do que quere cada unha das participantes. Se non fose así, cómpre elaborarmos ou definirmos máis as preferencias e posicións con respecto a idea de ter ou non ter fillos.

## **E. Familia de orixe e presión social**

**P15.** *Nesta altura, xa temos unha idea de cal é a vosa visión sobre o feito de ter fillos, evolucionou esta idea ao longo do tempo ou sempre foi así?*

(a) Se houber unha mudanza, preguntar: *credes que o modo que tedes de ver estas cousas está relacionado con como eran as cousas na vosa casa cando erades máis novas?* Neste caso engadirase unha pregunta máis: *a que credes que se debe a mudanza?*

(b) Se non houber mudanza: *credes que a vosa maneira de pensar ten que ver coas experiencias familiares que vivistes durante a vosa infancia?*

**Información de interese:**

- Composición do fogar de procedencia
- Papeis desempeñados por cada membro da familia (repartición de tarefas no fogar de procedencia)
- Ideais e expectativas dos pais/titores para o futuro das súas fillas
- Percepción das fillas sobre as actividades dos seus pais e proxenitores
- A temática da emancipación pode xurdir neste momento da entrevista ou cando se fixer referencia ao apoio familiar que podería ter para coidar dos fillos

**P16.** *Algunha de vós sente que existe unha presión social ou familiar para ter fillos?*

**Instrucións:**

A pertinencia desta pregunta dependerá da idade das participantes e da súa posición ante a idea de ter fillos.

**BLOQUE IV: CUESTIÓN FINAIS**

---

**P17.** *Polo momento estivemos a falar das vosas preferencias e expectativas persoais. Agora gustaríame que falásemos un pouco de se, en termos xerais, coidades que existe un número de fillos ideal na vosa opinión. Non pensedes na vosa propia experiencia, pensade nas mulleres e nas familias en xeral.*

**P18.** *Durante a reunión tamén falamos de diversos aspectos da vosa experiencia que teñen que ver coa cuestión de ter fillos, alén do que xa comentamos e desde a vosa experiencia, que outras cousas considerades que poden influír para que unha muller teña fillos ou para que teña máis fillos dos que ten?*

## B) EMPREGADAS CON FILLOS

Bos días/boas tardes. De primeiro, gustaríame agradecer a vosa participación e a asistencia a este grupo. O meu nome é \_\_\_\_\_ e traballo nunha investigación que está a desenvolver a Escola Galega de Administración Pública, institución que pertence á Xunta de Galicia.

A finalidade deste estudo é a de coñecermos dun xeito directo a situación das mulleres galegas e para logralo estamos a realizar distintos encontros espallados polas catro provincias da nosa comunidade autónoma. Durante o transcurso da xuntanza hei de vos presentar diferentes situacións para que intercambiedes as experiencias e ideas suscitadas por causa delas. Non se trata pois de ningún exame, só importa a vosa experiencia. Daquela sentídevos cómodas e non dubidedes en expresardes o que quixerdes.

Estamos gravando esta conversación porque non queremos perder ningunha das vosas apreciacións ou comentarios, mais trataremos a información recollida dunha maneira totalmente confidencial.

Nesta reunión imos abordar un tema que vos atinxe a todas dunha ou doutra forma. En concreto, tentaremos que faledes sobre as **experiencias e expectativas** que cada unha de vós manifesta verbo do feito de ter fillos. Para iso, quero que pensedes en vós mesmas e na vosa situación persoal e non no que tedes ouvido a outras persoas ou aos medios de comunicación.

### BLOQUE I: PRESENTACIÓN

**P1.** *Para comezar, e para coñecernos un pouco mellor, gustaríame que cada unha de vós se presentase e contase, a grandes trazos, cal é a súa situación arestora, a que se dedica, con quen vive...*

#### Instrucións:

Ao principio, realizarase unha primeira rolda de presentacións, co obxecto de definir a situación persoal actual das entrevistadas e tamén como mecanismo para que elas superen o receo a principiaren a conversación. Daqueles aspectos referidos polas participantes nesta *presentación inicial*, cómpre prestarlle atención á definición da súa «situación de parella», non se trata de lles formular a pregunta de maneira directa neste momento, mais si de tomar nota daquelas que non din nada ao respecto, xa que serán as únicas ás que se lles preguntará directamente nun momento posterior, sempre e cando a dúbida persista.

### BLOQUE II: PREGUNTA XERADORA

**P2.** *Todas tedes algún fillo, gustaríame que cada unha explicase en que circunstancias tivo cada un deles. Refírome a cantos tivestes, cando e en que momento da vosa vida.*

#### Información de interese:

- Delimitación da experiencia coa maternidade
- Número de fillos
- Momento temporal do nacemento de cada fillo

- Circunstancias persoais no momento do embarazo e do nacemento de cada fillo:
  - Situación respecto do traballo (condición de actividade, tipo de contrato, principais características do emprego)
  - Situación de parella:
    - Presenza/ausencia de parella
    - Situación respecto do traballo da súa parella

### Instrucións:

(a) Unha vez obtida a resposta da primeira das participantes e se esta resultar excesivamente vaga ou non achegar información útil para continuar preguntando (por exemplo, respostas do tipo: teño dous, tivenos con 20 e 25 anos,... sen profundar máis) formularase outra pregunta para convidala a afondar na temática (ex.: podes contarnos algo máis ao respecto?, que pensaches ao respecto?, en que circunstancias persoais, laborais, de parella te achabas?...).

(b) *Se entre aquelas participantes das que descoñecemos a súa «situación de parella» fica algunha que non fixera referencia ao tema na súa resposta a esta pregunta, o máis aconsellable será facer a pregunta directamente (cal é a túa situación persoal neste momento? Refirome a se tes parella, en que situación estades...), o máis acaído sería introducir a pregunta xusto despois da súa intervención.*

**P3.1.** *E a vosa/túa parella en que circunstancias se achaba?*

**P3.2.** *Que importancia tivo a súa opinión para o feito de ter fillos?*

### Instrucións:

A información sobre a **PARELLA** (loxicamente só no caso de a ter) será importante respecto de case todas as temáticas e poderase formular, a propósito da conversación, en varias ocasións *sempre e cando se considerar relevante*. Enténdese por tanto que se trata dunha temática **transversal**.

### Nota metodolóxica:

**Lembra:** Desde esta perspectiva, a moderadora ten de incitar a que as propias integrantes do grupo elaboren e desenvolvan as súas ideas e, a partir de aí, darlles pistas —máis nunca forzándoas— acerca de aquilo que ficou definido previamente por nós como importante (Bloque III). Ha de facilitar que a comparación entre as experiencias das integrantes sexa clarificadora, emporiso porá límites ao discurso abstracto e estereotipado. De non xurdiren todos os elementos significativos presentáranse sutilmente para que máis adiante se poida discutir sobre a súa propia relevancia. En definitiva, trátase de lograr unha elaboración da experiencia á que se poden ir incorporando toda unha serie de estímulos, e nesa altura serán elas as que establezan a conexión e a forma que adoptan no seu propio caso. Para iso, hai que devolverlles ás participantes algunhas das ideas que elas mesmas fixeron abollar e logo requirirlles que as elaboren en maior medida. Cando algúns dos temas considerados importantes na nosa opinión non xurdiren, convén propo-las máis sen impo-las. A pregunta inicial servirá para obtermos unha visión xeral das participantes e, se cadra tamén, de cales son os factores ou condicionantes máis recorrentes ou, mesmo, estereotipados que

manifestan as mulleres sobre a maternidade. A partir deste comezo, será tarefa da moderadora, profundar en cada un dos factores ou condicionantes, tirando o máximo proveito tanto dos mencionados de maneira máis explícita, como dos que poidan ficar ocultos no discurso. Para iso, a pesar de que será fundamental a pericia da moderadora, propomos unha serie de fórmulas ou «retrosos» axeitados para profundar nos temas expostos polas participantes.

- «algunhas de vós comentastes agora/antes que..., algunha outra o vive da mesma maneira?»
- «algunhas de vós comentastes agora/antes que..., algunha outra pensou niso nos mesmos termos?,»
- «algunhas de vós comentastes agora/antes que..., algunha de vós pasou polo mesmo?»
- «e iso que comentabas acerca de..., como o vivistes as demais?»
- «a alguén lle ocorreu/pensou algo parecido?»
- «E iso, como foi?»
- «E que hai diso de que..., que comentaches antes?»

Unicamente no caso de non xurdiren de xeito espontáneo algún dos determinantes aquí contemplados, formularase a pregunta correspondente segundo a listaxe que se presenta a continuación. Asemade, a introdución dos temas novos e a transición entre eles poderase facer empregando as mesmas formulacións arriba expostas. Alén diso, nas transicións terase especial coidado de non facer cambios moi bruscos, para o que convén buscar temáticas o máis próximas posible entre si.

As preguntas (P4 a P17) utilizaranse para os temas que non saíron, posto que de saíren aplícaranse os retrosos para explorarmos eses mesmos aspectos. O inventario de factores proporciona o mapa que a entrevistadora debe ter moi presente para saber, en todo momento, que temas non saíron e se deben formular segundo este, e cales xa saíron e se deben elaborar cos «retrosos», sen deixar por iso de prestar atención a aspectos que non están contemplados de ningún xeito no inventario e nos que igualmente se deberá afondar no transcurso da reunión. En todo caso usaranse as preguntas máis directas ou os «retrosos» dependendo de cal sexa o mellor procedemento para mantermos unha conversa natural e fluída. E aínda hai que atender unha última consideración:

- Cando se utilicen as preguntas do inventario deberanse formular en plural
- Cando se trate de elaborar, obter máis detalles de asuntos propostos polas participantes usaranse os «retrosos» en plural ou en singular a depender das circunstancias, un modo de o facer, se o tema é «espiñento» e aplícalos en plural (por exemplo, «algunha de vós comentaba que... en que senso credes que isto ten importancia?»)

## BLOQUE III: INVENTARIO DE FACTORES POR EXPLORAR<sup>13</sup>

### A. Situación laboral e condicións económicas

**P4.1.** *A vosa situación laboral tivo ou ten algo que ver con que pensádeses en ter fillos?*

**P4.2.** *E ten algo que ver coa forma en que os estades criando?*

- Se for necesario, preguntar: *poderías explicalo un pouco máis?*
- En caso de non xurdir, preguntar: *a vosa situación laboral tivo algo que ver con cantos fillos tivestes?*

#### Información de interese:

- Situación laboral obxectiva: xornada, horario de traballo, tipo de contrato, estabilidade no emprego, posto de traballo e cargo, retribución económica
- Condicións laborais subxectivas: satisfacción co traballo, responsabilidade percibida, actitude do empregador, percepción da estabilidade e seguridade no emprego
- Mudar de empresa, mudar de ocupación, cambiar de tipo de contrato (temporal – permanente), mudar da actividade á inactividade

#### Nota:

Como se pode observar, as preguntas P4.1 e P4.2 refírense a dous momentos temporais diferentes que interesan nesta investigación: o momento pasado, cando as participantes pensaron en ter, e tiveron en efecto, os seus fillos; e o momento que vai desde entón deica hoxe, en que se ocupan da súa crianza.

Será fundamental ter isto en conta na formulación doutras preguntas deste guión, como son: P4, que aquí se indica, P6, P7 e, implicitamente, P9. Isto non significa que haxa que formular directamente as dúas preguntas (ex. P4.1 e P4.2), referidas a cada momento temporal, en cada un destes casos xa que é posible que estas referencias temporais xurdan andando o tempo tras a primeira formulación. Neste caso resultaría artificial suxerir a segunda formulación e, por tanto, só se exporá a primeira (P4.1).

**P5.** *En xeral, tes a impresión de que tes tempo dispoñible despois do teu traballo? O teu traballo déixache tempo para outras cousas?*

**P6.** *E a situación laboral da vosa parella, como influíu no feito de ter fillos?*

<sup>13</sup> A orde de presentación dos factores é simplemente orientadora e pódese ver alterada de acordo co desenvolvemento da xuntanza.

### **Instrucións:**

Se non achegaren información sobre a actividade da parella haberá que preguntarlles directamente *a que se dedica?*

### **Información de interese:**

- Situación económica da parella
- Situación laboral da parella

**P7.** *Gustaríame que me contásedes se a vosa situación económica ten algo que ver con que tiverades os fillos, con cantos fillos tivestes ou coa forma en que os estades educando.*

## **B. Percepción do tempo, conciliación e distribución de tarefas**

**P8.** *Credes que o tempo de que dispuxestes foi algo que importou cando pensastes en ter fillos?*

**P9.** *Como facedes para organizar o voso tempo de traballo e o voso tempo na casa? Se for necesario para completarmos a información, preguntar: *a que problemas te enfrontas para facer isto?**

**P10.** *Gustaríame que me explicásedes como vos organizades na casa e quen se ocupa de cada cousa e, sobre todo, se esta forma de organizarvos mudou desde que tedes fillos.*

**P11.** *E coa a vosa parella, como vos organizades?*

## **C. Coidado dos fillos: axuda familiar e apoio formalizado**

**P12.** *De quen botades man para coidar dos vosos fillos cando non podedes estar con eles? Se for necesario para completarmos a información, preguntar: *Sempre foi así ou houbo cambios desde que os vosos fillos eran máis pequenos?**

### **Información de interese:**

- Axuda familiar:
  - Disponibilidade: de tempo e de espazo (se non teñen outras ocupacións e se están o bastante próximos xeograficamente)
  - Capacidade: idade e estado de saúde
  - Actitude cara á posibilidade de que outros familiares eduquen os fillos propios
  - Que vantaxes e inconvenientes cren que ten o feito de contaren coa familia para o coidado dos fillos
- Axuda formalizada:
  - Servizos públicos: gardarías
  - Servizos privados: gardarías e servizo doméstico

## D. Valores e custos de oportunidade

**P13.** *Que cousas son importantes na vosa vida arestora? Que cousas facedes ou vos gustaría facer que son importantes para vós?*

### Información de interese:

- Importancia da familia
- Importancia do traballo
- Importancia do tempo de lecer
- Importancia dos/as amigos/as
- Importancia de viaxar...

**P14.** *Algunha xente pensa que polo feito de ter fillos ten que renunciar a algunhas cousas que valora, gustaríame que cada unha de vós dixese se no seu caso particular é así*

### Información de interese:

- Os custos poden estar asociados a diñeiro, tempo, hábitos, lecer, liberdade, físico...
- Disposición para asumir as renuncias ou grao de compensación percibido entre os custos e os beneficios

## E. Familia de orixe e presión social

**P15.** *Nesta altura, xa temos unha idea de cal é a vosa experiencia como nais, credes que o modo que tedes de afrontar esta experiencia ten que ver con como eran as cousas na vosa casa cando erades máis novas?*

### Información de interese:

- Composición do fogar de procedencia
- Papeis desempeñados por cada membro da familia (repartición de tarefas no fogar de procedencia)
- Ideais e expectativas dos pais/titores para o futuro das súas fillas
- Percepción das fillas sobre as actividades dos seus pais e proxenitores
- A temática da emancipación pode xurdir neste momento da entrevista ou cando se fixer referencia ao apoio familiar que podería ter para coidar dos fillos.



## BLOQUE IV: EXPECTATIVAS E INTENCIÓNS NO TOCANTE A TER MÁIS FILLOS

**P16.** *Estivemos falando da vosa experiencia pasada e presente cos vosos fillos. Agora, poderíadesme dicir, se tendo en conta todo o comentado, contemplades a posibilidade de ter máis fillos? Esperar a resposta e preguntar: Por que?*

**Lembra:** Esta pregunta refírese ás intencións actuais das participantes no tocante a ter máis fillos co que non se pode esquecer, que pasamos de falar de experiencias a expectativas. Agora será necesario explorarmos de novo, desde esta perspectiva, que **compoñentes ou condicións da situación actual** das participantes poden influír nas súas intencións ou expectativas e recorreremos ao mesmo tipo de preguntas (se cadra mudando os tempos verbais) que aparecen no BLOQUE III deste guión. Deste xeito, será necesario afondar nas temáticas relativas a situación laboral, situación económica, situación de parella, percepción do tempo, conciliación, distribución de tarefas, coidado dos fillos, valores e custos de oportunidade. Así mesmo, tamén haberá que estar alerta ante os posibles condicionantes da súa intención non previstos neste guión e deterse a profundar neles (por exemplo as súas crenzas relixiosas, o seu carácter, a súa percepción das dificultades perinatais...)

**P17.** *En todo caso, máis aló do que contemplades facer, teríavos gustado ter máis fillos? Ou menos? Esperar a resposta e preguntar: Por que?*

### Instrucións:

Esta pregunta fai referencia aos desexos das participantes, non ás intencións (P.16). É importante que se perciba esa diferenza, no caso de que for necesario, poderase explicar a diferenza entre intención (o que cre que realmente vai facer tendo en conta unha valoración dos custos) e desexo (o que lle gustaría facer).

**P18.** *Gustárame que falásemos un pouco de se, en termos xerais, credes que existe un número de fillos ideal na vosa opinión. Non pensedes na vosa propia experiencia, pensade nas mulleres e nas familias en xeral.*

## BLOQUE V: CUESTIÓN FINAIS

**P19.** *Durante a reunión tamén falamos de diversos aspectos da vosa experiencia que teñen que ver coa cuestión de ter fillos, alén do que xa comentamos e desde a vosa experiencia, que outras cousas considerades que poden influír para que unha muller teña fillos ou para que teña máis fillos dos que ten?*

## 6.2. Guión das entrevistas en profundidade

### REXISTRO ENTREVISTADOR/A

N.º ID: \_\_\_\_\_

Entrevistador/a: \_\_\_\_\_

Nome entrevistada: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Teléfono/s: \_\_\_\_\_

Data da entrevista: \_\_\_\_\_

### PRESENTACIÓN DA ENTREVISTA

*«Bos días/tardes, antes de comezar gustaríame agradecerche a túa colaboración. A Escola Galega de Administración Pública está a realizar un estudo sobre a natalidade en Galicia e por iso requirimos a túa colaboración. Interésanos coñecer as túas experiencias, e tamén cales son os teus proxectos futuros. O que che imos pedir é que nos relates as túas experiencias e opinións, que en calquera caso serán do noso interese. Se non tes inconveniente, esta entrevista vai ser gravada, emporiso a información recollida será tratada coa máxima confidencialidade.*

*Cómpre que teñas en conta que o desenvolvemento da entrevista non consiste en responder a unha pregunta detrás doutra, senón que se trata de que vaías profundando naquelas cuestións que eu che propoño e de que manteñamos unha conversa fluída.»*

### BLOQUE I: HISTORIAL FAMILIAR

- 1. Iniciar a conversa e concretar a composición do fogar de procedencia:** *Para comezar, gustaríame que me falases un pouco da época da túa infancia e adolescencia. Interésame saber onde vivías, con quen vivías, como era a túa vida...*

A finalidade desta pregunta é dobre: por un lado, servir de arranque para a entrevista e xerar empatía coa entrevistada e, polo outro, indagar no historial familiar de orixe. Por iso, é necesario deixarlle inicialmente á entrevistada que fale con fluidez sobre o tema, mais sen se esquecer de recoller a información que se pretendía con esta pregunta (quer con pescudas após das súas respostas, quer con preguntas ao final da súa exposición). O lóxico será que moitas destas cuestións aparezan na propia narración da entrevistada co que non será necesario preguntarlle despois.

**Información que hai que obter:** *«Composición do fogar de procedencia»*

- Persoas coas que convivía e vínculo coa entrevistada (parentesco, amizade...)
- Identificar as persoas que se encargaron máis directamente e durante máis tempo da súa crianza. Se esas persoas non xurdiren de maneira espontánea no relato da entrevistada, pregun-

tar directamente: *cal ou cales foron as persoas que se encargaron máis directamente da túa crianza e educación?* Se non foron os seus pais indagar acerca dos motivos

2. Definir a **economía do fogar de procedencia**: *Poderíasme dicir como era a situación económica da túa familia (do teu fogar) nesa época?*

**Información que hai que obter:** «*Situación económica xeral do fogar*»

- Ingresos percibidos (subxectivos)
- Fornecedor principal do fogar
- Réxime de tenza da vivenda
- Ocupación principal dos pais (titores). Se o caso o requirir porque algunha das figuras de referencia ocupou moitos empregos e a entrevistada non destaca ningún deles, solicitarlle directamente que identifique unha das ocupacións como a principal tomando como referencia a súa duración durante a súa nenez e adolescencia
- Percepción da entrevistada acerca das preferencias respecto do traballo dos seus pais/titores, (ambos traballaban fóra: *eres que algún dos teus pais preferiría ter ficado ao coidado da casa, do teu (e do dos teus irmáns) no canto de traballar fóra?*; só o pai traballaba fóra: *eres que á túa nai teríalle gustado traballar fóra de casa?*, etc.)

3. **Organización e xestión das tarefas domésticas e de coidado no fogar de procedencia**: *Gustaríame que me contases como se distribuían as tarefas domésticas e de coidado entre as persoas que vivían no teu fogar nesa época.*

**Información que hai que obter:** «*Organización/xestión das tarefas domésticas e de coidado (nenos e dependentes)*»:

Indagar acerca da existencia dunha rede de coidado ou de apoio externa ao fogar. Enténdese que a execución das tarefas domésticas incumbe a todos os membros da unidade familiar, por ese motivo non se debe centrar a pregunta na repartición entre as figuras paterna e materna, senón entre todos os residentes no fogar

4. **Centrar o foco na entrevistada**. Definir a **situación de dependencia** ou **independencia** da entrevistada:

— Se a persoa non se independizou (segue vivindo no fogar de procedencia). **Expectativas dos pais:**

- *Tornádomos agora a falar do momento presente/da situación actual. Que che parece que esperan os teus pais que fagas no futuro? Refírome a cuestións relativas ao traballo, á familia ou á vida en xeral.*

**Información que hai que obter:** «*Expectativas sobre o futuro da entrevistada*»:

Expectativas dos seus pais sobre o futuro da entrevistada:

- Expectativas de emancipación ou independencia do fogar de orixe
- Expectativas sobre o futuro persoal e profesional que proxectan sobre ela

**Expectativas da entrevistada:** *E que expectativas tes ti ao respecto?*

- Expectativas da entrevistada sobre o seu propio futuro (ex. *cales son os teus plans de futuro ao respecto?*)
  - Se a idade o aconsellar, poderíase preguntar pola evolución desas expectativas (*Estes desexos mudaron algo nos últimos anos?*)
- Se a persoa xa se independizou (ten fogar propio):

**Expectativas dos pais:**

- *Cando vivías cos teus pais/cando eras nova, que che parece que esperaban eles/teus pais que fixeses no futuro? Refírome a cuestións relativas ao traballo, á familia ou á vida en xeral.*

**Información que hai que obter:** *«Expectativas sobre o futuro da entrevistada»:*

Expectativas dos seus pais sobre o futuro da entrevistada:

- Expectativas de emancipación ou independencia do fogar de orixe
- Expectativas sobre o futuro persoal e profesional que proxectan sobre ela

**Emancipación:**

*Poderíame contar como foi a situación pola que deixaches de vivir cos teus pais?/ Poderíame contar como foi o proceso polo que deixaches de vivir cos teus pais?*

Proceso de emancipación:

- Momento en que se produciu (idade da entrevistada)
- Circunstancias en que se produciu (situación persoal da entrevistada)
- Motivacións da entrevistada para tomar a decisión (incluír, se for o caso, o acontecemento que propiciou ou desencadeou este feito)
- Forma en que se produciu (*Como?*)

**BLOQUE II: HISTORIAL EDUCATIVO E LABORAL****5.** Definir a **historia educativa e laboral** da entrevistada:

*Agora, gustárame que fixeses un repaso da túa vida desde a túa adolescencia deica a actualidade, no que se refire ao teu paso pola escola, o traballo...*

**Información que hai que obter:** *«Historia educativa e laboral da entrevistada»*

— Traxectoria educativa

- Se estudar: *que estuda e estudou ata o momento? Por que?*

- Se non estudar: momento de finalización ou abandono dos estudos. Se abandonou os estudos a unha idade temperá, indagar acerca das motivacións e do que pensaba a familia ao respecto

— Traxectoria laboral:

- Momento do comezo no traballo remunerado. Breve descrición do traballo desempeñado. Razóns deste comezo (*por que comezou a traballar?*)
- Primeiro emprego relevante: primeiro emprego que constituíu a súa actividade principal (cando se produciu e como era ese emprego)
- Traballos que desempeñou desde entón ata hoxe
- Establecemento de momentos de saída/entrada no mercado laboral: delimitar os períodos en que deixou de traballar. Explorar as razóns desas mudanzas e as circunstancias persoais en que se produciron (*por que cambiaches de traballo?* O porqué do momento concreto de cada cambio: cambio de traballo, deixar de traballar...)

**6. Profundar na actividade actual.** Neste momento debería ficar claro se a entrevistada é inactiva, ocupada ou parada, se non é así preguntarllo directamente (ex.: *a que te dedicas nestes momentos?*).

**Información que hai que obter:** «Actividade actual»

— Definición da situación actual: actividade, inactividade...

— *Só para ocupadas:* Características da ocupación:

- Horario e horas semanais dedicadas ao traballo
- Tipo de contrato: fixo, temporal...
- Tipo de emprego: a tempo completo, a tempo parcial...
- Antigüidade no emprego
- Promocións e ascensos no seu emprego: se os tivo e/ou se ten a expectativa de que se produzan
- Expectativas respecto ao seu emprego actual: continuidade, cambio, perda do emprego, etc.

— *Só para paradas:* antigüidade no paro

— *Para todas:*

- Motivacións (razóns) da situación de actividade actual
- Satisfacción coa situación de actividade actual
- Proxeccións futuras: expectativas ao respecto da súa situación de actividade actual (continuidade, incorporación a un traballo remunerado, abandono do traballo remunerado, perda de emprego, etc.). Indagar sobre os motivos desas expectativas

## 7. Usos do tempo:

*En termos xerais, poderíasme contar en que empregas o teu tempo e como o distribúes ao longo do día?*

**Información que hai que obter:** «Usos do tempo e percepción do tempo dispoñible»

- Só para ocupadas: «Ademais do teu traballo...»
- Percepción do tempo dispoñible: usos do tempo, distribución do tempo ao longo do día
- Lecer (ex. *cando non estás traballando ou facendo as tarefas da casa, a que adoitas dedicar o teu tempo libre?*)

## BLOQUE III: HISTORIAL DE PARELLA

8. Definición da situación de parella actual. É posible que neste momento xa coñezamos se está casada ou se ten parella estable, nese caso só teríamos que pór de manifesto ese feito e abordar o tema da relación. Se non é así, teremos que preguntar directamente: *Poderíasme dicir se tes parella neste momento?*

**Información que hai que obter:** «Situación de parella actual»

Persoas con parella:

- Características da relación:
  - Duración da relación: idade á que se coñeceron e tempo de duración.
  - Determinar as etapas polas que pasou esa relación e en que etapa está actualmente (noivado informal, ou «saír xuntos», noivado «formal», convivencia, matrimonio e posibles separacións temporais). Se se considerar oportuno poderíanse explorar as motivacións do paso á situación de convivencia e ao matrimonio e, incluso, posibles separacións. Determinar se se produciron feitos ou acontecementos importantes para esa relación.
  - Proxectos de futuro: plans e expectativas de futuro en parella, tanto as propias como as coincidentes coas da parella (ex. *como ves o voso futuro en común?, cales son os teus plans de futuro en común? son os mesmos que os da túa parella?*)
- Características da parella:
  - Nivel de estudos actual
  - Situación de actividade:
    - Ocupados:* Características da ocupación:
      - Horario e horas semanais dedicadas ao traballo
      - Tipo de contrato: fixo, temporal...
      - Tipo de emprego: a tempo completo, a tempo parcial, etc.

- Antigüidade no emprego
- Promocións e ascensos no seu emprego: se os tivo e/ou se ten a expectativa de que se produzan
- Expectativas respecto ao seu emprego actual: continuidade, cambio, perda do emprego, etc.

*Parados:* antigüidade no paro

*Inactivos:* principais actividades que desenvolve

— Persoas sen parella: Razóns da súa situación: cales son as razóns? *Pode ser que non queiras, que as circunstancias non o permitan, que non aches a persoa idónea...*

- 9.** Reconstrución do **historial de parellas**. A transición cara a esta temática pode ser especialmente complicada, algúns exemplos de preguntas que se poden formular serían:

Se non ten parella: *No pasado, tiveches algunha relación de parella continuada ou estable?*

Se ten parella: *No pasado, tiveches algunha outra relación de parella continuada ou estable?*

En boa lóxica, esta pregunta será menos relevante para mulleres moi novas, ou para aquelas que leven toda a vida coa mesma parella. A súa realización dependerá do criterio da entrevistadora e tamén das respostas da entrevistada nas preguntas anteriores. Interézanos facer a pregunta naqueles casos en que se sospeite que poida haber unha traxectoria de parella complexa (divorcios, separacións con fillos, parellas de longa duración, parellas que pasaran por situacións de convivencia), para todas as mulleres con máis idade, para as que non teñan parella actual...

**Información que hai que obter:** «*Historial de parellas*»

Sobre cada parella estable que a entrevistada seleccione, necesítase saber:

- Duración aproximada da relación e idade da entrevistada
- Existencia/ausencia de convivencia e etapa ata a que chegaron (ex. *Ata que punto criches no futuro desa relación?*)
- Acontecementos vitais de importancia durante o transcurso da mesma (nacementos, compra de vivenda, traslados de asentamento). *Houbo algún momento particularmente importante, que supuxese un cambio destacable para vós ao longo desa relación?*

## **BLOQUE IV: SITUACIÓN DO FOGAR**

- 10.** Definición da **situación económica do fogar actual**.

— Non-independizada: se a entrevistada segue vivindo cos (depende de) seus pais, asegurarse de que non houbo cambios substanciais na economía familiar. Trataríase de comparar o momento actual coa información ofrecida en relación ao pasado, quere dicir, actualizar a información acerca da economía familiar

— Independizada: antes de introducir a pregunta chave acerca da economía do fogar podería ser aconsellable efectuar un breve resumo ou recapitulación da información obtida ata o momento (ex.: *Contáchesme que estás casada e que tanto ti como o teu home traballades fóra da casa, dadas as circunstancias, como consideras que é a vosa situación económica? Por que?*). En todo caso, serán as circunstancias da propia entrevista as que diten o mellor modo de abordar esta materia (como exemplo, a formulación máis directa podería ser: *como vos/che vai economicamente? / poderíame dicir a grandes trazos como é a túa situación económica actual / do teu fogar?*)

**Información que hai que obter:** «Situación do fogar»

- Nivel de ingresos
- Principais fontes de gasto: *Cales son os principais gastos que tedes no voso fogar?*
- Nivel de consumo: axuste entre o nivel de vida e o nivel de ingresos. *Cos ingresos que tedes, tedes dificultades para facer fronte a eses gastos?*
- Vivenda: réxime de tenza, características, existencia de segunda vivenda e proximidade aos lugares de traballo

Esta pregunta ten por finalidade recoller información subxectiva da percepción da entrevistada sobre a súa situación económica, por iso hai que esperar a que formule a súa resposta. No entanto tamén, nun segundo momento, esta pregunta deberá servir para xerar unha serie de información obxectiva sobre o fogar actual da entrevistada.

**11.** Definición da **organización e xestión do traballo (traballo remunerado e traballo doméstico)**. Unha pregunta aberta e directa pode axudar a indagar acerca destas cuestións, como ata aquí, a pregunta dependerá das circunstancias da entrevistada

- Ambos traballan fóra, ela vive soa, só ela traballa fóra: *como vos organizades na casa?; quen se ocupa de cada cousa?*
- Ela é inactiva e só el traballa fóra: *aínda que ti leves a maior parte do peso das tarefas domésticas, o resto dos membros da familia participan nelas?*

**Información que hai que obter:** «Organización e xestión das tarefas»

- Criterios de distribución de tarefas (como e por que?)
- Percepción da xustiza da distribución. Ex.: *Gustaríache introducir algunha mudanza no xeito en que se organizan as cousas? / Preferirías que as cousas se organizasen doutro xeito?*
- Existencia de apoio formal e informal
- Usos de servizos para a atención e coidado dos/as nenos/as: escolas infantís, etc.

O obxecto é describir as tarefas que se realizan no fogar, tendo en conta quen as realiza, cando se realizan e se existe algún tipo de apoio externo. Sempre será moito mellor que estas cuestións aparezan de maneira fluída no discurso da entrevistada sen que sexa necesario preguntar por elas e, desta forma, incorrer nun risco de nesgo na resposta.



### Se tiver fillos

12. a) Delimitación da experiencia coa maternidade: Daquela, *dixéchesme que tiñas... (número)... fillos. Gustaríame que me explicases cando tiveches cada un deles e en que circunstancias persoais te achabas neses momentos.*

**Información que hai que obter:** «*Condutas asociadas á maternidade*»

- Número de fillos
- Momento temporal do nacemento de cada fillo
- Circunstancias persoais no momento do embarazo e do nacemento de cada fillo:
  - Situación respecto ao traballo (condición de actividade, tipo de contrato, principais características do emprego)
  - Situación de parella:
    - Presenza/ausencia de parella
    - Toma de decisións na parella. Como se tomou a decisión de ter o fillo: por acordo, conflictivamente, por inercia... Por exemplo: *Que papel desempeñou nisto a túa parella?*
- Condicionantes da decisión:
  - Situación laboral
  - Condicións económicas
  - Percepción e usos do tempo
  - Conciliación da vida persoal, familiar e laboral
  - Axuda familiar
  - Esquemas de valores
  - Custos de oportunidade
  - Características persoais e/ou psicolóxicas
  - Familia de orixe
  - Presión social

**13. a) Tes intención de ter máis fillos?**

<b>SI</b>	<b>NON</b>
<i>Por que?</i> (Motivación da intención de ter fillos)	<i>Por que?</i>
<i>Cantos? Por que?</i>	
<p>As entrevistadoras deberán afondar acerca dos condicionantes que orixinan que os desexos e as intencións da entrevistada non sexan os mesmos, tendo en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— Situación laboral</li> <li>— Condicións económicas</li> <li>— Percepción e usos do tempo</li> <li>— Conciliación da vida persoal, familiar e laboral</li> <li>— Axuda familiar</li> <li>— Esquemas de valores</li> <li>— Custos de oportunidade</li> <li>— Características persoais e/ou psicolóxicas</li> <li>— Familia de orixe</li> <li>— Presión social</li> </ul>	
<i>Tes previsto cando telo/s?</i>	
<i>Como de segura estás de que vas realizar esa intención? / Como de segura estás de cumprires ese propósito de teres ___ fillos máis?</i>	

**14. a) Noutras circunstancias, con independencia da túa intención actual, cantos fillos che gustaría ter?**

**15. a) No caso de que non coincidan os seus desexos e as súas intencións preguntar: *Por que?***

**16. a) Esta pregunta fai referencia á evolución dos desexos e ás intencións da entrevistada (p.13):**

*Ao longo da túa vida, tiveches sempre esta forma de pensar? / Sempre pensaches así ou mudaches a túa maneira de ver as cousas ao longo da túa vida?*

— No caso de que a resposta for afirmativa, continuar con p. 17

— No caso de que a resposta for negativa, preguntar: *Que che fixo mudar a túa maneira de ver as cousas?*

## Se non tiver fillos

12. b) *Dixéchesme que non tiñas fillos, mais, tes intención de telos?*

SI	NON
<i>Cantos?</i>	<i>Por que?</i>
<i>Por que?</i>	
<p>As entrevistadoras deberán afondar acerca dos condicionantes que orixinan que os desexos e as intencións da entrevistada non sexan os mesmos, tendo en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>— Situación laboral</li> <li>— Condicións económicas</li> <li>— Percepción e usos do tempo</li> <li>— Conciliación da vida persoal, familiar e laboral</li> <li>— Axuda familiar</li> <li>— Esquemas de valores</li> <li>— Custos de oportunidade</li> <li>— Características persoais e/ou psicolóxicas</li> <li>— Familia de orixe</li> <li>— Presión social</li> </ul>	
Tes previsto cando telos/s?	
Como de segura estás de que vas realizar esa intención? / Como de segura estás de cumprires ese propósito de teres ___ fillos?	
<p><b>13. b) <i>Noutras circunstancias, con independencia da túa intención actual, cantos fillos che gustaría ter?</i></b></p> <p><i>(No caso de que non entenda a pregunta, reformular: En ningún caso che gustaría ter máis? Que tería que ocorrer para que quixeses ter máis fillos?)<sup>14</sup></i></p>	<p><i>Noutras circunstancias, con independencia da túa intención actual, gustaríache ter fillos?</i></p>

14. b) No caso de non coincidir desexos e intencións, preguntar: *Por que?*

15. b) *Ao longo da túa vida, tiveches sempre a mesma forma de pensar? / Sempre pensaches así ou mudaches a túa maneira de ver as cousas ao longo da túa vida?*

— No caso de que a resposta for afirmativa, continuar con p. 17.

— No caso de que a resposta for negativa, preguntar: *Que che fixo mudar a túa maneira de ver as cousas?*

<sup>14</sup> De non funcionar a pregunta, en último caso explicar a diferenza entre intención (o que cre que realmente vai facer tendo en conta unha valoración dos custos) e desexo (o que lle gustaría facer).

### Para todas (teñan fillos ou non)

**17.** *Que cousas coida que se debe dar a un fillo para pensar en telo? / Que aspirarías a dar ao teu fillo?*

*Que debería dar un fillo aos seus pais en distintos momentos da súa vida?*

**18.** *Ata este punto, falamos das túas intencións e desexos, agora gustaríame que falásemos un pouco de se en termos xerais, cres que existe un número de fillos ideal na túa opinión. Non penses (no teu caso/ na túa experiencia) en concreto, pensa nas mulleres e nas familias en xeral.*

**19.** *Para rematar, gustaríame que falásemos de cuestións máis xerais. Poderíasme dicir que cousas consideras especialmente importantes na túa vida na actualidade?*

#### Información que hai que obter:

- Importancia da familia
- Importancia do traballo
- Importancia do tempo de lecer
- Importancia dos/das amigo/as
- Importancia de viaxar...

**20.** *Independentemente de como é a túa vida arestora, tes outros proxectos ou aspiracións que che gustaría realizar no futuro?*

## CUESTIONARIO

Aínda que xa che preguntei durante a entrevista por moitos dos temas que che mencionarei, gustaríame que me respondeses un pequeno cuestionario sobre a túa familia?

### 1. Cando eras nova, con quen vivías?

#### COMPOSICIÓN DO GRUPO FAMILIAR DE PROCEDENCIA

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13
Grupo Familiar		Parentesco <sup>15</sup>	Localidade de residencia	Sexo	Data de nacemento <sup>16</sup>	Lugar de nacemento	Condición Actividade (cando vivías con el/a)	Ocupados/as				
Nome de pía	Ocupación: En que traballaba?							Rama de actividade naquel momento: A que se dedicaba a súa empresa?	Traballaba por conta propia ou por conta allea?	Por conta allea (persoas asalariadas)	Sector de emprego <sup>17</sup>	Nivel de estudos máis alto acadado (actual)

Trátase de ir cubrindo a táboa con información sobre todos os membros que vivían con ela no seu fogar durante a súa infancia-adolescencia. A referencia temporal concreta debe ser froito da percepción da entrevistada, mais ten de responder a situación máis habitual durante esa época da súa vida.

<sup>15</sup> Diferenciar entre familia política e familia consanguínea.

<sup>16</sup> No caso de que a persoa entrevistada non lembre as datas exactas dos nacemento, anotar referencias temporais orientadoras, por ex.: a entrevistada é cinco anos maior que a súa irmá pequena.

<sup>17</sup> Empresa pública (EPU), empresa privada (EPR), Administración pública (AP) ou outros.















ISBN 978-84-453-4611-2



9 788445 346112



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
XUSTIZA



Escola Galega de  
Administración  
Pública